actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 3

SARMIENTO E A ONOMÁSTICA

Ramón Lorenzo
Universidade de Santiago

Antes de me centrar no tema que vou tratar debo dicir que Sarmiento foi unha figura transcendental do século XVIII, un home típico da Ilustración caracterizado polo seu enciclopedismo, que en moitos aspectos se adiantou ó seu tempo e ó que debemos considerar un precursor dos estudos comparatistas desenvolvidos no século seguinte. Dotado dunha forte personalidade e dunha memoria prodixiosa, desde moi cedo comezou a amosar interese pola lectura e sentiu curiosidade polos temas máis dispares. Esta curiosidade levouno a preguntar constantemente polas cousas que lle chamaban a atención, a recoller e anotar nas súas viaxes léxico, costumes, lendas. onomástica, toponimia e a escribir sobre Lingüística, Filoloxía, Semántica, Pedagoxía, Literatura, Historia, Paleografía, Xeografía, Arte, Heráldica, Xenealoxía, Filosofía, Teoloxía, Política, Medicina, Botánica, Ciencias Naturais, Física, Matemáticas ou Astronomía.

Sarmiento dinos que por volta de 1730 descubriu o gusto pola etimoloxía e foi xuntando bastantes folios con voces castelás distribuídas por ABC (*Elementos*, nº 371), pois en 35 anos que faltaba de Galicia apenas estivera tres meses no Reino e case lle era descoñecido o idioma galego, dado que só se lembraba confusamente das voces que mamara (*Elementos*, nº 6). Un feito importantísimo na súa vida foi a viaxe que fixo a Galicia en 1745, que tivo como consecuencia que, cando andaba polos 50 anos, comezase a realizar en profundidade toda unha serie de traballos moi inportantes para nós. Esta viaxe a Galicia completouna con outra feita en 1754-1755 para estar 18 meses na terra e seguir coa recollida de materiais (*Elementos*, nº 9). Recapacita sobre o pouco que mamara a lingua galega, viaxa por toda Galicia, sempre coa pluma na man e facendo continuas preguntas, para anotar e describi-los nomes de tódolos lugares por onde pasa e recoller tódalas voces e frases galegas tal como as ía oíndo, especialmente as referentes á Historia Natural nos seus tres reinos (mineral, vexetal e animal), porque a Xeografía, a Historia Natural e a Lingua eran os tres obxectos da súa curiosidade, aínda que sen descoida-las observacións histórí-

actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 4

cas, copiando toda clase de inscricións, lendo moitos documentos medievais e recollendo moitas voces antigas (*Elementos*, nº 7, 371; *Col. voces*, 76; *Escritos geográficos*, 58, 65-66, 104-105; *Onomástico*, nº 189-190, 593).

Xa en Madrid en 1746 tentou achar as voces latinas e tamén as castelás correspondentes ás galegas (*Onomástico*, nº 191) e escribiu o que chamou *Coloquio de Perico e Marica, Coplas o Coloquio de 24 gallegos rústicos*, ó que seguiron toda unha serie de obras dedicadas ós máis variados temas. En 1758 prometía unha obra dividida en catro partes: a primeira uns *Apuntamientos para un Discurso Apologético* sobre o estudo e utilidade das etimoloxías; a segunda os *Elementos Etimolóxicos*; a terceira sobre a educación da xuventude galega na súa lingua nativa e a cuarta o *Onomástico Etimolóxico* (*Apuntamientos*, nº 120-121). Así, os *Apuntamientos* e o *Método para aplicar* debeunos acabar en 1758, os *Elementos Etimológicos* acabounos en 1766 e o *Onomástico* en 1769. Alén destas obras fundamentais debemos destacar para o tema que estou a tratar o incompleto *Problema chorográfico*, de 1762, completado co inacabado *Plano*, de 1751 (os dous en *Escritos geográficos*), e o *Discurso Apologético*, acabado en 1770. Tamén o *Catálogo* e o *Cat. voces* recollen moita información sobre toponimia e onomástica. No *Problema chorográfico* está presente a súa enorme experiencia e a lembranza da Galicia que el percorreu nas dúas *Viaxes* de 1745 e 1754, os recordos da infancia e as estadías en Pontevedra, coa inclusión do que el chama «peregrinacións propias», coa viaxe de ida a Madrid en 1710, a viaxe de 1725 de Oviedo a Madrid, pasando por Galicia, e as viaxes de 1745, 1754-1755, coa repetición da maior parte dos nomes que xa están recollidos nos dous libros de *Viaxes* (*Escritos geográficos*, 46-65).

Sarmiento era un home polifacético e nas súas obras mestura constantemente os temas máis variados, porque case nunca se limita ó tema que está tratando. Estuda o léxico por materias e, cando busca a etimoloxía, comeza cunha palabra e inclúe as palabras que derivan dela e as que están emparentadas semanticamente con ela, mais tamén salta dunhas palabras a outras, de maneira inconexa, polo que en ocasións se estende longamente escribindo sobre as formas máis heteroxéneas, non sempre con pleno acerto, dado que moitas veces as etimoloxías propostas non se poden tomar en consideración (por ex., *Onomástico*, nº 42-63, 140-174, 327, 358-383, 388-396; *Col. voces*, 184-193). El mesmo o recoñece cando nos di que os galegos se despreocupan de observa-la *Historia Natural* de Galicia e a *Botánica* (*Apuntamientos*, nº 118) e que el nos seus estudos, tendo en conta que a Historia Natural ten tantas conexións coa Xeografía e esta con antigüidades e inscricións, suavizará as arideces da etimoloxía con reflexións sobre a Lingua, a Xeografía, a Historia Natural e Anticuaria de Galicia e que, cando pense que descubriu a orixe dalgunha voz moi difícil, lle dedicará moito espazo ó tema (*Apuntamientos*, nº 118-119), cousa que fixo, por exemplo, nos *Comentos* ás *Coplas*, onde temos toda clase de informacións e onde fala da necesidade dunha completa e exacta *Historia Natural* (*Col. Voces*, 232-233). Nos *Comentos* escribe *tumultuariamente* e ó que sae, seguindo as voces das coplas e falando doutras voces, aínda que é consciente de que escribe numerosos folios cando podería chegar con dez liñas, porque sempre bota man de voces galegas, veñan ou non a conto, para explicalas ó seu modo (*Col. voces*, 392, 404).

actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 5

As súas experiencias coas *Viaxes* de 1745 e 1754 levounas á práctica en numerosos traballos e servíronlle para formular teorías e desideratas, especialmente no *Onomástico*, aínda que hai outras obras nas que desenvolve a súa idea de investigación en Galicia. El quere instruír ós galegos para rebater todo o que se ten dito de Galicia e para iso inventa un galego ó que chama *Aletho-philo* 'Veritatis Amator' (*Onomástico*, nº 653), que, en moitos aspectos, reflicte a súa propia personalidade. Debe ser fillo primoxénito dun cabaleiro nobre, que saiba galego, castelán e latín, instruído en Artes, Xurisprudencia, Teoloxía e Letras Sagradas e que collese o estado eclesiástico (*Onomástico*, nº 655). Será un sacerdote sen cura de almas alleas, sen coidados de familia e con renda (*Onomástico*, nº 662), que debe estuda-la lingua galega en toda a súa extensión e a de tódalas zonas. Para iso utilizará cadernos nos que vaia colocando verbos, nomes, frases e refráns tal como os vai oíndo e debe facer tódolos anos algunha xornada por Galicia, de maneira que ós 40 anos poida afirmar que non hai lugar de Galicia onde non estivese e onde non fixese algunha observación. Noutros cadernos debe colocar tódalas xornadas que fixo, co día, mes e ano nas que as comezou e rematou (*Onomástico*, nº 664). Tamén nos cadernos apuntará tódolos lugares, aldeas, vilas, cidades, etc. por onde pase e entre eses lugares debe colocas-los ríos, pontes, barcas, calzadas, lagos, montes, vales, etc. que atope en cada xornada (*Onomástico*, nº 665).

Considera que debe vivir en Santiago (*Onomástico*, nº 669) e alí debe copiar tódalas freguesías, anexos, «pilas» e mosteiros que hai no arcebispado. Despois fará catro xornadas a Mondoñedo, Lugo, Ourense e Tui e en cada capital sacará copia de tódalas freguesías e anexos de cada bispado. Despois el ou un amigo fará copia en Astorga das freguesías do bispado, en especial das que ten no reino de Galicia (*Onomástico*, nº 670). Recollidos estes catálogos, deberá numerar tódalas freguesías de cada bispado e formará un *índice alfabético universal* de todas elas. Desta maneira saberá cantos lugares hai dun mesmo nome en Galicia e onde están esas freguesías e cales teñen nomes moi singulares (*Onomástico*, nº 671). Isto será o fondo da *Xeografía de Galicia*. Mais non basta con isto, pois será indispensable facer outra colección de tódolos outros sitios xeográficos que teñen uns nomes singulares, xa que estes son os que principalmente darán luz para averigua-la antiga Xeografía de Galicia, a da Idade Media e dos documentos, a moderna e sobre todo os apelidos das familias galegas (*Onomástico*, nº 672).

Xa embebido na Xeografía *Alethophilo* debe entrar na Historia Natural e na Botánica, recollendo por toda Galicia os nomes de toda clase de animais, vexetables e minerais, así como de augas termais, baños e augas medicinais (*Onomástico*, nº 677-678). Feito isto debe dedicarse a recoller antigüidades e moedas, ler inscricións romanas, suebas, góticas e posteriores, mira-los *letreiros* nos montes elevados e castros, nas mámoas e nos sepulcros, nas pontes, paredes ou pedras, en lugares murados, sobre as portas, nas paredes das casas, nas pedras sacadas do seu sitio, nas igrexas rurais e ermidas e arredor delas, nos patios, claustros, igrexas, capelas, etc. dos mosteiros e nos conventos, igrexas e edificios públicos de vilas e cidades (*Onomástico*, nº 679-692).

actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 6

De volta a Santiago poderá facer un *Arte e Diccionario de la lengua gallega* cun *Etymologico* que reduza case tódalas súas voces ó latín, unha *Descripción Geográfica* de todo o reino, unha *Historia Natural* de todo o que se cría en Galicia, outro libro de tódolos vexetables, outro de inscricións e antigüidades, outro de moedas ou medallas e aínda podería facer outro libro sobre as xenealoxías de Galicia: dos apelidos e das súas orixes, das súas armas e brasóns e dalgúns puntos históricos máis singulares, tanto seculares coma eclesiásticos (*Onomástico*, nº 696-701). Para escribir sobre xenealoxías e apelidos deberá ler toda clase de documentos antigos e facer anotacións en seis cadernos: 1) para a lingua latina, galega e castelán e etimoloxías; 2) para cousas de Xeografía e correspondencia dos lugares antigos cos modernos; 3) para cousas da Historia Natural e Botánica; 4) para toda clase de filiacións, de reis, señores, particulares e sucesións de empregos e sobre fórmulas e costumes singulares; 5) para toda clase de inscricións, moedas, pesos, medidas, datas, épocas, etc.; 6) para apuntar tódalas persoas que asinan nos documentos, cos seus oficios, distinguindo os góticos dos latinos (*Onomástico*, nº 703-716).

Esta información podémola completar co que escribiu no *Problema chorográfico*, no que indica que cómpre elaborar un grandísimo mapa de Galicia, feito por un galego que coñeza ben a lingua e que escriba en galego tódolos nomes conforme se pronuncian en cada lugar, co acento correspondente e indicando se E, O son abertos ou pechados. Sabe por experiencia que se pode facer en breve tempo, pois en menos de catro meses pateou cunha cabalería tódolos perfís e orelas desde Tui ó cabo de Ortegal e apuntou tódolos sitios, portos e lugares por onde pasou. Ninguén andou coma el as quince rías dunha e doutra banda, mais non o puido ver todo (*Escritos geográficos*, 33-34). Por iso indica como debe facer este erudito e traza tódolos itinerarios: andar todo o Reino de Galicia, establece-las fronteiras con Asturias, León e Portugal, percorrer tódolos ríos e afluentes desde as fontes ata a desembocadura, polas dúas marxes, percorrer e describir tódalas rías. Prefire que sexa unha única persoa a que faga isto, porque non lle gustan as obras de moitas mans, aínda que necesite da axuda doutras persoas (*Escritos geográficos*, 35-38). Para este investigador indica minuciosamente todo o que debe facer para levar a cabo o seu traballo, coincidindo maioritariamente co que indica para o *Alethophilo* e engadindo outras particularidades características dos estudos xeográficos (*Escritos geográficos*, 38-46). O *Problema chorográfico* completouno co *Plano*, no que pon moitos exemplos de nomes de lugares e apelidos e fundamenta o seu plano, que se reduce a facer un *Interrogatorio prolixo* que, en 150 preguntas coordinadas con división, claridade e método, abrace todo canto se pode saber dunha provincia, territorio, cidade, vila ou aldea. Este interrogatorio dívideo en seis clases, que son o Estado Cosmográfico, Físico, Ético, Económico, Político e Histórico, e despois pon o contido de que cada unha destas clases e indica con todo detalle as preguntas que se deben facer (*Escritos geográficos*, esp. 88-134). Estamos ante un cuestionario completísimo que podería dar lugar a unha obra impresionante.

Desde o punto de vista da Onomástica tódalas obras de Sarmiento son importantes, porque en todas elas atopamos valiosas informacións sobre topónimos e

actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 7

antropónimos, se ben as máis destacadas son o *Onomástico*, os *Elementos*, a *Col. voces* e as *Viajes* de 1745 e 1754 pola súa complexidade e visión renovadora. Claro está que, como xa indiquei, nestas obras non se limita a un contido determinado, pois mestura o estudo da onomástica co do léxico, moitas veces interrelacionándoos, e introduce as cousas máis diversas, cunha constante repetición obsesiva en moitos casos do mesmo contido. Nestas obras, xunto ó estudo da etimoloxía, aproveita para falar da evolución fonética, da semántica e da historia das palabras (*Onomástico*, nº 41, 72-77, 178, 180, 271), da educación da xuventude galega (cf. *La educación*), do ensino do galego e en galego, dos mestres e pedagogos que ensinan en Galicia (*Onomástico*, nº 3-14, 77-80, 110-116, 134, 177, 192-193, 196-197, 201-203, 210-213, 221-251, 254-257, 265-268, 270, 278, 280-282, 291, 616; *Elementos*, nº 25-48, 351-353, 360; *Discurso apologético*, nº 37-38, 45-51ss., 74-87, 90-108, 111, 138-141, 166, 180), dos gramáticos e eruditos ignorantes (*Onomástico*, nº 40, 274-277, 292, 295, 298-300), dos que se burlan das etimoloxías (*Elementos*, nº 362-363, 365-370), da sociedade, dos aproveitados e dos envexosos, dos que fixeron inventarios en Galicia e non recolleron nin o léxico nin a toponimia (*Onomástico*, nº 386-387, 399-400), etc. (cf. *Onomástico*, nº 182-183, 198-200, 292-294, 296-297, 301-309, 333-338); fai unha defensa e ilustración da lingua galega (*Elementos*, nº 382, 398-401, 404-407; *Onomástico*, nº 3-14, 217, 269; *Apuntamientos*, nº 116-117; *Col. voces*, 413), compara a suavidade e dozura do galego coa aspereza do castelán (*Discurso apologético*, nº 141, 144-145) e introduce críticas contra Portugal, o portugués e autores portugueses (*Elementos*, nº 22-23, 199, 201-204, 455-463; *Discurso apologético*, nº 6, 13-15, 17-24 28-30; *Col. voces*, 421; *Onomástico*, nº 16-17, 627-639, 715-716, 720-726; *Patria Cervantes*, nº 229-231); fala da necesidade de publicar libros en galego, de facer unha *Arte* e un *Vocabulario* galego coma o de Bluteau, un *Cancioneiro* coas coplas que cantan as mozas, moitos tomos de Xeografía, Xenealoxía e Historia Natural (*Elementos*, nº 408-409, 411-415; *Onomástico*, nº 17-23, 83-84) e critica ós galegos que tratan de olvida-la súa lingua, ós avogados e ós curas e maxistrados civís e eclesiásticos de fóra de Galicia, que non saben galego (*Elementos*, nº 422-423, 427-428, 437-449; *Col. voces*, 268; *Onomástico*, nº 24, 121, 139; *Discurso apologético*, nº 94, 120); indica que o coñecemento da Historia Natural é fundamental para falar das palabras, da toponimia e das etimoloxías ou para ser latinista (*Onomástico*, nº 343-346, 348, 354, 401; *Apuntamientos*, nº 118-119; *Col. voces*, 232-233, 299), que o galego e o castelán son dialectos do latín e que o portugués é un subdialecto do galego, pois os galegos conquistaron dos mouros Portugal e levaron a lingua ó Sur (*Elementos*, nº 10-12, 200-201, 203, 350; *Discurso apologético*, nº 18, 20-21, 28-29), que para o galego hai que facer un *Arte Gallego-Latino* e un *Vocabulario* e ensinarlle ós nenos en galego (*Elementos*, nº 351-353). É importante a súa idea de reconstrución das voces latinas perdidas polas voces vulgares que se conservan nos dialectos, igual que a reconstrución das voces vulgares perdidas polas voces latinas que quedaron (*Elementos*, nº 477-479), o seu postulado dun *Diccionario Harmónico* das voces vulgares coas latinas, é dicir, dun *Dicionario Etimolóxico Románico* (*Elementos*, nº 354-362; *Onomástico*, nº 91-94)[1], e de

actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 8

Diccionarios etimolóxicos das linguas individuais, incluída a galega (*Onomástico*, nº 96-97), así como da necesidade dun *Diccionario Histórico Latino* (*Onomástico*, nº 101-103), de Dicionarios Históricos das linguas romances (*Onomástico*, nº 105, 107), de dous dicionarios para o galego, un alfabético e outro onomástico (*Discurso apologético*, nº 121-133), dun *Onomástico* galego completo e universal en tres columnas, na 1ª coas voces galegas, na 2ª co latín correspondente e na 3ª co castelán equivalente (*Discurso apologético*, nº 107-109, 138-141, 166, 180) e dun *Onomástico políglloto* en varias columnas paralelas (*Discurso apologético*, nº 35-37, 40-41).

Tamén fala da historia do léxico (*Onomástico*, nº 301-309), da historia do latín (*Elementos*, nº 467-472), da penetración do latín na Península, dos períodos da historia da lingua (*Elementos*, nº 388-393, 465-466), da emerxencia e decadencia do galego (*Elementos*, nº 18-19, 435-436, 447-448; *Onomástico*, nº 14-15, 593; *Discurso apologético*, nº 116-119, 145-165, 172), da unidade da lingua galega, da súa fonética, das alteracións semánticas, da evolución fonética (cf. Pensado, *Col. voces*, 43-63) e dos seus subdialectos (*Elementos*, nº 21, 474; *Apuntamientos*, nº 8; *Discurso apologético*, nº 113; *Col. voces*, 195-197, 293-294, cf. 490, 503-504; *Onomástico*, nº 414).

Entrando xa en detalles sobre a Onomástica, debo dicir que Sarmiento sempre estuda a Onomástica en relación co léxico común e sobre a toponimia dá informacións moi precisas. Empeza indicando como se foi conformando e coida que, por exemplo, había nun vale tres, catro ou cinco lugariños dos xentís cos seus nomes propios. Sucederon os romanos, suebos e godos formando nos mesmos vales diversas quintas e casais que tomaron o nome do xenitivo do dono, suplíndose o nominatico *villa* ou *casale*. Despois fundouse no vale unha igrexa común a todos e ese sitio onde se fundou chamábase o sitio ou lugar da igrexa, igual que hoxe. Pero en atención ó titular que se escollía e a unhas lixeiras *circunstancias* nomeáronse cun nome composto do santo e da lixeira *circunstancia* (*Onomástico*, nº 673). Fala da Xeografía do Reino de Galicia, da orixe dos nomes dos seus lugares, da dispersión da poboación por todo o territorio (*Onomástico*, nº 397). Sabe que «pasan de *tres mil pilas* las que hay en Galicia, y a razón de sus *lugaritos* no es ponderación que en Galicia haya pasados *veinte mil lugaritos* con sus respectivos nombres» (*Onomástico*, nº 397). A isto hai que engadir «infinitos nombres de *términos*, *pagos* y *heredades*» (*Onomástico*, nº 397), polo que pode haber en Galicia 100.000 nomes xeográficos separados, aínda que non distintos, porque se repiten moitos (*Onomástico*, nº 398; cf. *Escritos geográficos*, 66-67, 69).

Para estuda-los nomes xeográficos, divídeos en 10 clases: 1) nomes de Historia Natural, agás Botánica; 2) nomes tomados de vexetables; 3) nomes impostos pola disposición do terreo; 4) nomes postos pola proximidade a outros obxectos; 5) nomes que aluden ó fundador ou posesor dun sitio se foi romano; 6) nomes que aluden ó fundador ou posesor se foi suebo ou godo; 7) nomes que aluden ó fundador ou posesor se foi galego posterior; 8) nomes dos sitios marítimos, que aluden a cousas do mar; 9) nomes que aluden a algún edificio antigo ou modemo e 10) nomes soltos, que non se axustan a ningunha clase (*Onomástico*, nº 410). A estas clases poden reducirse tódolos nomes xeográficos de Galicia e pon para cada clase numerosísimos exemplos, na maior

actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 9

parte dos casos indicando a etimoloxía latina e colocando os nomes alfabeticamente por familias (*Onomástico*, nº 411-458), se ben non lle puxo a etimoloxía a tódolos latinos, nuns casos porque non a sabía e noutros porque non quixo, e tampouco o fai na maior parte dos nomes que considera góticos porque pensaba falar das etimoloxías góticas noutra ocasión (*Onomástico*, nº 459). É importante o feito de que fale de posesores romanos e doutros nomes latinos, porque é o primeiro en facelo. Na súa lista pon primeiro os nomes de posesores romanos e doutros nomes latinos (*Onomástico*, nº 440-443), despois os santos de lugares (*Onomástico*, nº 444) e finalmente os lugares suebos ou godos (*Onomástico*, nº 445-454), para os que supón que son fundacións ou *villa- ges* ou *casales* ou *quintas* do señor, ou suebo ou godo, como, por exemplo, *Rosende* < *Casale Rudesindi* (*Onomástico*, nº 445). Por outra banda, como as clases VII, VIII, IX e X son tan abundantes, só pon uns poucos exemplos de sitios xeográficos soltos, pensando retoma-lo tema noutra ocasión (*Onomástico*, nº 455).

El sabe que de tódolos nomes dos sitios xeográficos hai algúns nomes antiquísimos, anteriores ós romanos, aínda que deles falará pouco ou nada porque non se quere meter no que non se pode averiguar, e pensa que estes nomes poden ser orientais e primitivos ou senón gregos ou celtas. Supón que antes dos gregos e celtas xa estaba poboada Galicia e que despois da Guerra de Troia os gregos e troianos poboron desde as bocas do Doiro ás bocas do *Tambre* e que os celtas se asentaron entre o río Tambre e o río de Viveiro, no país de Bergantiños (*Onomástico*, nº 403-408). Prescindindo dos topónimos antiquísimos, dos que se ignora a orixe, as palabras gregas entraron latinizadas polos romanos, as hebreas polos árabes, as árabes polos mouriscos e as poucas mouriscas que hai en Galicia tomáronse do castelán ou do portugués (*Elementos*, nº41). Hai, en cambio, moitas voces góticas, se ben entende tamén, falsamente, por góticas as antiquísimas *célticas*, as *suebas, góticas*, etc. e outras voces setentrionais, en especial na Xeografía (cf. *Elementos*, nº 212; *Onomástico*, nº 674; *Col. voces*, 194-195, 249, 358, 361-362, 398, 412-413, *Apuntamientos*, nº 153, 162-163) e sempre que tropeza cunha voz galega que non pode reducir ó latín, recorre ó gótico[2] (*Col. voces*, 413-414; *Onomástico*, nº 408-409). Con todo, recoñece que en Galicia hai topónimos célticos que quedaron dos antiquísimos celtas que inundaron Galicia e se aveciñaron no país de *Bergantiños* moito antes de Cristo e dos romanos e que eses nomes significan polo común *montes, ríos, vales, territorios e pobos* (*Col. voces*, 249). Así, cita con certa extensión *Flavium Brigantium* ou *Pharum Brigantinum*, que é A Coruña e non Betanzos; *Bergantiños* < dos pobos *brigancios celtas*, *Céltegos*; ademais indica o asentamento dos *brigantios* en *Bergantiños*; dos *nemitos* ou *nemetes* > a rcedianado de *Nendos* (en latín *Nemitos*), dos *camotenses* > país de *Camota*[3], dos *centrones* > *Centroña*, dos *virgunnios* > *Vergondos* (se ben no *Onomástico*, nº 450, *Bergondo* e *Bergondiño* están incluídos entre os lugares suebos ou godos); dos *presamarcos* > *Postomarcos*, coa terminación *marcos* de *marck* ou *marca* que lle parece voz *céltica*, falsamente, pois é de *Postamaricos* ou *tamarcos*, derivado de *Tamaris* 'Tambre' (cf. *Tambre* < *Tamaris* en *Onomástico*, nº 457; *Elementos*, nº 334); dos *ártabros*, de onde pensa que pode vir *Artes*, e dos *nerios*, que quizais se conserven no monte *Neriga* (*Col. voces*, 249, 387; *Viaje 1745*, 74; *Viaje 1754*, 77; *Onomástico*, nº 406-407;

actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 10

Escritos geográficos, 72; cf. Pensado, *Onomástico*, I, 127, 431). Tamén considera acertadamente celtas *xistra* e *Sistral* (*Viaje 1754*, 66; *Cat. voces*, p. 391; *Discurso apologético*, nº 54-55; *Onomástico*, nº 458). Omite pór nomes en *-briga*, como *Nemetobriga*, *Volobriga*, etc., porque andaría por terreo inseguro (*Onomástico*, nº 408). Noutras ocasións cita os pobos sen indica-la súa filiación, como os pobos *amaeos*, os *tamaganos*, os *parraquenses* (*Escritos geográficos*, 68, 69), os *Cambetes* (*Viaje 1754*, 128), etc.

No caso dos topónimos que el considera suebos ou godos ten unha alta porcentaxe de acertos, se ben tamén atopamos palabras que non teñen esta orixe e algunhas delas aínda nos nosos días con problemas para resolve-la súa procedencia. Son formas como *Andreade*, *Andrade*, *Christinade* e *Ganade* (*Onomástico*, nº 445), *Villaambran*, *Lebozan*, *Gian* e *Cutian* (*Onomástico*, nº 446), *Aguarey*, *Forcarey*, *Beemil* e *Veymil* (*Onomástico*, nº 448), *Zaqueril*, *Sampil*, *Coujil* e *Braxilde* (*Onomástico*, nº 449), *Bracamonde* e *Cullergondo* (*Onomástico*, nº 450), *Friol*, *Guildulfe*, *Visantoña*, *Merlin*, *Esperante*, *Villafeyle*, *Magalofes*, *Farragoto* e *Teibilide* (*Onomástico*, nº 453); *Casar de Eita*, *Raxoy*, *Gafoy*, *Zacoy*, *Cabroy*, *Caroy*, *Nigoy*, *Liboy*, *Nemans*, *Nemens*, *Nemiña*, *Nemenzo*, *Cambre*, *Bordel*, *Cecebre* e *Brandezo* (*Onomástico*, nº 454). Para *Bigil* (*Vigil*), *Novigil* ou *Nobigil* pensa erradamente en *Leovigildi* (*Onomástico*, nº 689).

Hai outros topónimos que, pola súa indicada tendencia a meter no mesmo saco os topónimos celtas e góticos, aparecen como suebos ou godos cando son de orixe celta. Son topónimos en **-bre** (16 en *-obre*, 1 en *-ebre*, 1 en *-ubre*): *Obre*, *Xobre*, *Fiobre*, *Ciobre*, *Callobre*, *Yllobre*, *Eixebre* (*Cixebre* en *Viaje 1745*, 64), *Bañobre*, *Barallobre*, *Sillobre* e *Cillobre*, *Anobres*, *Anzobre*, *Pantiñobre*, *Canzobre*, *Lobre*, *Lubre* e *Pezobre* (*Onomástico*, nº 452). Igual ocorre cos topónimos en *-ove* (ponos en *Onomástico*, nº 453), con desprazamento do -r-: *Lestrove* (que no *Catálogo*, 370, deriva da planta *lesta*), *Trove*, *Landrove*, *Tragove* (en *Viaje 1745*, 60, e *Escritos geográficos*, 73, di que quizais aluda a *Tras o Grove*) e *Castrove* (cf. outras hipóteses en *Col. Voces*, 175-178, 181, 182; *Catálogo*, 435; *Onomástico*, nº 458). Tamén considera suebo ou godo *Dubra* (*Onomástico*, nº 453, 454), aínda que noutros lugares di que é céltico (Pensado, *Onomástico*, I, 446, cita a *Obra 660 Pliegos*, Col. Dávila, XVI, 2ª, fol. 182rv).

Unha idea fixa é a crenza de que en Galicia non hai voces arábigas ou mouriscas (*Elementos*, nº 213, 396; *Col. voces*, 166, 191, 381, 382, 400, 411, 413-414, 432, 435; *Onomástico*, nº 26). Isto lévao a cometer erros importantes, como no caso de *ceifa*, que tenta derivar de *aestiva*, igual có apelido *Ceballos*, baseado nos seus falsos teoremas -st- > -z- e -b, v- > -f- (*Onomástico*, nº 484-490; *Catálogo*, 447; cf. Pensado, *Onomástico*, I, 485-486); *Atalaya*, que deriva do latín *ad tutelam* > *attutela* > *atatèla*, despois *atalea, atalear, atalaya* (*Col. voces*, 381), e de non vir de *ad tutelam*, como en Galicia hai lugares *Layas* e que acaban en *laya* e *Laya* significa 'pedra' < grego *lays, ios*, quizais *atalaya* vén de *alta laya* (*Col. voces*, 382; no *Onomástico*, nº 434, sen etimoloxía); *Alqueidóns* ou *aqueidóns*, ó que lle pon o significado 'alto, teso' e pensa que pode vir de *acadia* > *aqueidia* > *aqueidón*, etc. (*Catálogo*, 376); *Zeña*, *azeña*, que deriva do grego *stegnon* > *cenon* > *zeña* e *azeña* (*Catálogo*, 337) ou quizais do latín *stagnum*, *stagna* > *çagna* > *cegna*, *cenna*, *ceña* ou *zena*, *azeña* (*Conjeturas*, fol. 45r; *Azeñas* está sen etimoloxía no *Onomástico*, nº 436; cf. Pensado *Onomástico*, I, 332-333);

actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 11

Mezquita, topónimo que pensa que vén da planta *mezquita* ou *mizquita* 'brusco', que quizais procede de *mures quita* ou *musquita* (*Catálogo*, 353, 370, 491; *Viaje 1745*, 94; *Cat. voces*, pp. 66, 97; *Col. voces*, 295-296) ou *ruscus* (*Onomástico*, nº 426) ou, como en documentos leu *Met -quita* e é planta espiñosa, de *mete -quita* (*Onomástico*, nº 470; cf. nº 471 e Pensado *Onomástico*, I, 229-234, 483).

Para descubri-las etimoloxías bota man do método comparativo (*Discurso apologético*, nº 107) e antes de comeza-lo seu *Onomástico* pon os teoremas e regras que lle serven de guía, baseándose nos *Elementos de Xeometría* de Euclides (*Elementos*, nº 169-192). Para el nas etimoloxías hai que considerar dúas cousas: as voces que significan *ad placitum* e as alteracións e transformacións que padecen as letras cando pasan dun labio a outro para pronunciarse (*Elementos*, nº 175). Desta maneira entra no estudo da Fonética Histórica e establece unha serie de leis fonéticas, que el chama teoremas, onde podemos atopar grandes acertos, xunto a casos totalmente errados[4]. Comeza cun teorema etimolóxico universalísimo (*Elementos*, nº 193ss), segundo o cal tódalas letras dun mesmo órgano se converten e mudan entre si, tanto vogais coma consoantes, cousa inadmisible (*Elementos*, nº 193). Despois coloca os teoremas, indicando a evolución fonética e poñendo bastantes exemplos, tanto galegos coma casteláns, ben do léxico común, ben da toponimia ou da antroponimia. Para os elementos das consoantes pon 66 teoremas, pois o 57 e 59 están repetidos (*Elementos*, nº 223-288), e para as vogais 23 (*Elementos*, nº 289-312); despois seguen 18 teoremas para as letras perdidas (9 para as consoantes perdidas, 8 para as vogais e un para as sílabas perdidas ou diccións recortadas) (*Elementos*, nº 313-330) e 10 para as letras engadidas (*Elementos*, nº 331-343), entre eles o teorema 10º referido ós patronímicos (*Elementos*, nº 341-343). Todo isto vai seguido da aplicación e uso dos seus *Elementos* (nº 344-455), con informacións moi variadas e sempre centradas na etimoloxía e no galego (*Onomástico*, nº 36-38).

En tódolos escritos del hai unha constante referencia a topónimos e moitas veces indica a forma que teñen en documentos medievais e do XVI e a forma correspondente moderna (por exemplo, *Catálogo*, 275-279, 292-295, 379-386, 388-393; *Viaje 1745*, 56, 57, 99, 130, 139, 144, etc.). Para a etimoloxía é importante a luz que dan os documentos antigos porque os nomes variaron moito. El ten por case imposible sinala-la orixe de todos, aínda que propón conxecturas (*Col. voces*, 377). Na maior parte dos casos só indica os nomes que vai atopando por Galicia, pero en bastantes ocasións estuda a etimoloxía e dá información sobre os lugares, especialmente no *Onomástico*, e un tanto por cento moi eleveado destas etimoloxías son acertadas. Citemos casos coma *Taboadêlo* (*Col. voces*, 363), *Portonovo* (*Col. voces*, 174), *Campelo* (*Col. voces*, 175), *Chan de Parafita* (*Col. voces*, 162, 197; *Viaje 1745*, 117), *Pontevedra* e outros de *vetera* (*Col. voces*, 164, 194), *Montecelo* (*Col. voces*, 178), *Mourente* (*Col. voces*, 359; *Viaje 1745*, 146-147), *Poyo* (*Col. voces*, 175), *Salcedo* (*Col. voces*, 378), *Filgueira*, *Folgoso*, etc. (*Col. voces*, 189, 449; *Onomástico*, nº 426), *Outeiro* (*Col. voces*, 193, 394, 440), *Mámoa* (*Col. voces*, 214; *Viaje 1754*, 44; *Escritos geográficos*, 55), *Devesa* (*Col. voces*, 410; *Onomástico*, nº 433), *Esteiro* (*Viaje 1745*, 69); *Caritel* (*Viaje 1754*, 83; *Catálogo*, 416, 417, 442; *Onomástico*, nº 140-174), etc.

actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 12

A algúns dedícalles moitas páxinas repetindo a mesma doutrina en diferentes obras e con documentación antiga, como para á illa de *Ons* (*Viaje 1745*, 99, 110; *Col. voces*, 170, 171, 400; *Catálogo*, 276; *Epistolario*, 157, 496; *Patria Cervantes*, nº 150-151; *Onomástico*, nº 455; cf. Pensado, *Onomástico*, I, 454-455), á de *Tambo* (*Viaje 1745*, 95, 99, 130; *Col. voces*, 171, 172-173; *Catálogo*, 276; *Onomástico*, nº 455), *Darbo* (*Col. voces*, 397; *Catálogo*, 276, 278) e ás illas *Cíes* (*Viaje 1745*, 99, 102, 109, 110, 128; *Col. voces*, 171; *Epistolario*, 131; *Catálogo*, 276; *Onomástico*, nº 455; cf. Pensado, *Onomástico*, I, 453-454). Preocupoulle moito a palabra *Lérez*, para a que propuxo diferentes etimoloxías sen dar coa acertada (*Viaje 1745*, 56, 85-86, 129, 145, 159; *Col. voces*, 184, 185, 186, 187, 190, 191, 192; *Catálogo*, 275; *Epistolario*, 155-156, 161; *Onomástico*, nº 458, 804; *Conjeturas*, fol. 210r-211v), e o topónimo *Castrove*, tan familiar para el, que compara con outras formas (*Col. voces*, 175-178, 181-182; *Catálogo*, 435; *Onomástico*, nº 458); falou por extenso de *facho* e *Faro* con heteroxénea información (*Viaje 1754*, 77, 89; *Col. voces*, 162, 172, 279, 383-389; *Onomástico*, nº 432; *Epistolario*, 276; *Escritos geográficos*, 77), pero derivando falsamente tamén *Ferrol* de *pharus*, *pharum* (*Col. voces*, 388; *Discurso apologético*, nº 15; *Elementos*, nº 237; *Onomástico*, nº 456); equivócase na orixe de *Rañadoiro* ou *Reñadoiro* e *Brañas* (*Onomástico*, nº 169, 432-433, 491-497; *Catálogo*, 93-94, 325; *Col. voces*, 408-410). Tamén elucubra bastante sobre a antiga cidade *Lambriaca* e a súa posible relación coa *Lanzada* e *Lourizán* e a de *Lourizán* con *Orzán*, derivándoos de *Turris Ardens*, e con *Ézaro* (ou *Lézaro*) (*Viaje 1745*, 123-126, 129-130; *Viaje 1754*, 37, 89-91; *Col. voces*, 184, 389, 390, 391; *Escritos geográficos*, 75-80; *Onomástico*, nº 426, 442, 686; *Epistolario*, 235-236; *Elementos*, nº 287). Outras voces con importancia para el e ás que lle busca a etimoloxía son *Torres do Este*, *Torres d'Oste* ou *Torres d'Oeste* (*Col. voces*, 185; *Viaje 1745*, 60, 61, 62; *Viaje 1754*, 41; *Escritos geográficos*, 58, 73; *Onomástico*, nº 440) e *Valdeorras* (*Catálogo*, 351; *Onomástico*, nº 315, 885; Col. Dávila, IX, 1ª, fol. 433r-440v). Tamén lle dedica bastante espazo ó territorio da *Castela* ourensana (*Onomástico*, nº 556-560; *Método para aplicar*, nº 224-225; tamén en *Grial* VII, nº 26, 415-420), aínda que incomprensiblemente deriva *Orense* de *Aurigense* (*Onomástico*, nº 442) e, xunto ó normal *Triacastela* ou *Tría Castela* (*Catálogo*, 345, 351; *Cat. voces*, p. 71; *Viaje 1745*, 50), adopta a forma *Tiracastela* ou *Tira Castela* (*Cat. voces*, p. 76; *Viaje 1754*, 27; *Escritos geográficos*, 61), *Tira Castella* (*Viaje 1745*, 167) ou *Tira Castelae* (*Viaje 1745*, 167) e en ocasións di «Tira o Tría Castella» (*Viaje 1745*, 167; *Onomástico*, nº 557).

Como xa indiquei, o número de acertos nas etimoloxías propostas é elevado, pero, tendo en conta a cantidade de palabras que analiza, tamén son continuas as etimoloxías que non se poden tomar en consideración e que debemos rexeitar. Como non podo indica-la etimoloxía proposta por falta de espazo, só indicarei algunhas das palabras ás que non lles soubo atopa-la orixe: *Touza* (*Catálogo*, 315, 340, 367, 429; *Onomástico*, nº 433); *Bouza*, *Bouzas* (*Elementos*, nº 283; *Catálogo*, 315, 429; *Conjeturas*, fol. 72v-73r; *Onomástico*, nº 433, 498), *Isla dos Ratos* (*Onomástico*, nº 412), *Ponte das Poldras* (*Onomástico*, nº 412; *Viaje 1754*, 117), *Campo de Vezerro* (*Onomástico*, nº 412), *Pedra do Lagarto*, *Lagartons* e *Lagartoso* (*Onomástico*, nº 412),

actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 13

Sacar de Bois (*Onomástico*, nº 413), *Besteiros* (*Onomástico*, nº 413), *Miñotos* (*Onomástico*, nº 413), *Curuxeyra* (*Onomástico*, nº 413), *Coruxa* (*Onomástico*, nº 413, 415), *Píllara* (*Onomástico*, nº 414), *Niño do Azor* (*Onomástico*, nº 414), *Cigarrosa* (*Onomástico*, nº 415, 885), *Baliña* e *Baliñas* (*Onomástico*, nº 418), *Laxe*, *Laxinde*, *Lastra* e *Lapaman* (*Onomástico*, nº 420; *Catálogo*, 366), *Lousada* (*Onomástico*, nº 420), *Chaguazoso* e *Chaguazedo* (*Onomástico*, nº 422), *Cereyxo*, *Cerdedo*, *Cerdeyro*, etc. (*Onomástico*, nº 424), *Engo* (*Onomástico*, nº 425), *Escouredo* (*Elementos*, nº 234) e *Escoureda* (*Onomástico*, nº 425), *Fillagosa* (*Col. voces*, 189, 449; *Onomástico*, nº 426), *Ferrañol* (*Onomástico*, nº 426), *Lodayro* e *Loeda* (*Onomástico*, nº 426, 832), *Liñaran* (*Onomástico*, nº 426), *Lampazas* (*Onomástico*, nº 426), *Mazenlle* (*Onomástico*, nº 426), *Berducido* ou *Verducido* (*Elementos*, nº 226; *Onomástico*, nº 426), *Piñeyro* (*Onomástico*, nº 426), *Tioyra* (*Onomástico*, nº 427; *Cat. voces*, pp. 268, 326), *Tabuido* (*Onomástico*, nº 427), *Toxos*, *Toxeyra*, *Toxal* e *Toxos Outos* (*Onomástico*, nº 427; *Col. voces*, 440; *Cat. voces*, p. 369), *Puga* (*Catálogo*, 398; *Onomástico*, nº 428), *Chaín* (*Onomástico*, nº 433), *Pradedo* (*Onomástico*, nº 433), *Requeyxo* (*Onomástico*, nº 436), *Bolaño* (*Onomástico*, nº 440), *Servoy* (*Onomástico*, nº 441), *Coruña* (*Elementos*, nº 260; *Col. Voces*, 385; *Onomástico*, nº 441), *Mondoñedo* (*Onomástico*, nº 442), *Fitoyro* (*Onomástico*, nº 443), *Ambía* (*Onomástico*, nº 443), *Boulo* (*Onomástico*, nº 444), *Samos* (*Apuntamientos*, nº 143-145; *Onomástico*, nº 441), *Érbedo*, *Erbededo*, etc. (*Elementos*, nº 210, 234, 294; *Onomástico*, nº 425, 582), *Camariñas* e *Caramiñal* (*Apuntamientos*, nº 113; *Cat. voces*, pp. 175, 176, 180-181, 194; *Onomástico*, nº 422); *Belvís* (*Epistolario*, 450; *Onomástico*, nº 431), *Lesta*, *Lestedo*, *Lestón* e *Lestrove* (*Viaje 1745*, 52, 136; *Catálogo*, 370, 496; *Onomástico*, nº 426), *Moldes* (*Catálogo*, 375-376), *Viña dos Mallóns* (*Catálogo*, 377), *Carracedo* (*Viaje 1745*, 92; *Elementos*, nº 271; *Catálogo*, 376, 489; *Onomástico*, nº 423), *Arousa*, *Arouza* ou *Aroza* (*Catálogo*, 403; *Viaje 1745*, 60; *Onomástico*, nº 440), *Cé* e *Cea* (*Catálogo*, 403), *Val de Quireza* (*Catálogo*, 295), *Narón* e *Naraío* (*Viaje 1745*, 66; *Onomástico*, nº 456), *Juvia* (*Col. voces*, 175-176; *Onomástico*, nº 456), *Esculca* (*Col. voces*, 380, 381, 382, 383; *Onomástico*, nº 434); *Udra* (*Col. voces*, 399, 400; *Patria Cervantes*, nº 151), *Marín* (*Col. voces*, 174), *Castelo* (*Col. voces*, 183, 401; *Onomástico*, nº 432), *Cotobade* e *Coto* (*Col. voces*, 189; *Viaje 1745*, 67; *Onomástico*, nº 431), *Misarela* (*Col. voces*, 192-193), *Riazòn* (*Viaje 1754*, 30), *Rúa* (*Viaje 1754*, 48), *Moèche* (*Viaje 1754*, 64, 73), *Loira* (*Viaje 1754*, 65, 68), *Poxàres* (*Viaje 1754*, 109), *Bande* (*Viaje 1754*, 110), Bexo ou Vexo (*Viaje 1754*, 41), *Bombexo* (*Onomástico*, nº 431), *Besomaño* (*Onomástico*, nº 431; *Elementos*, nº 259), «*Vertàl*, *Bertàl*, ò *Bretàl*» (*Viaje 1754*, 53), *Cariño* (*Viaje 1754*, 70; *Onomástico*, nº 456), *Laias* (*Viaje 1754*, 60), *Mos* (*Viaje 1745*, 113), *Monte Pindo* (*Viaje 1745*, 81; *Onomástico*, nº 458), *Renda* (*Viaje 1745*, 130), *Grove* (*Escritos geográficos*, 49-50, 79; *Onomástico*, nº 456; cf. Pensado, *Onomástico*, I, 463), *Noya* (*Onomástico*, nº 455), *Rianjo* (*Onomástico*, nº 455), *Mero* (*Onomástico*, nº 456), *Monxía* (*Onomástico*, nº 456), Seca (*Onomástico*, nº 457), *Ponte do Ceso* (*Onomástico*, nº 457), *Ponte Cesures* (*Viaje 1745*, 53; *Onomástico*, nº 457), *Chapela* (*Onomástico*, nº 457), *Monforte* (*Onomástico*, nº 457), *Poulo* (*Onomástico*, nº 458), *Xiabre* (*Onomástico*, nº 458), *Soandres* (*Onomástico*, nº 458), *Peirao* (*Onomástico*, nº 458;

actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 14

Col. voces, 182; *Catálogo*, 264, 365-366, 367), *Goldriz* (*Onomástico*, nº 451, 886), *Seixebra* (*Elementos*, nº 225), *Churrichán* (*Elementos*, nº 233), *Chorreyra* (*Elementos*, nº 233), *Hervás* (*Elementos*, nº 244), *Lapas* (*Elementos*, nº 289; *Col. voces*, 221), *Virgondoiro* (*Elementos*, nº 302), *Trebelladoiro* (*Elementos*, nº 302), *Couso* (*Elementos*, nº 304; *Col. voces*, 168).

A dificultade para atopar unha etimoloxía acerdada levouno en moitas ocasións a propor diversas hipóteses, moitas veces todas desacertadas e outras alternando unha etimoloxía imposible con outra posible ou acertada. Así, para *Cádavo*/*Cádabo*, *Cadavedo*, *Cadavido* ou *Cadavid* e *Cadaval* propón *catavos*, *cadivus*, *caudex* (*Catálogo*, 323, 399) e *cannabis, cannabetum* (*Conjeturas*, fol. 96v-97r; cf. Pensado, *Onomástico*, I, 257-258); para *Estivada* pensa en *esteva*, *aestiva* ou *aestus* (*Catálogo*, 447); para *Cobres* decídese por *coluber*, *ri* (*Col. voces*, 393; *Elementos*, nº 320; *Onomástico*, nº 412), aínda que tamén pensa que podería vir de *Corves* porque está nunha *curvatura* (*Col. voces*, 393); para *Morrazo* pensa en *Muracium* (*Elementos*, nº 271), pola abundancia de «muros», ou mellor en *morro* (*Col. voces*, 161); para *Capelada* propón derivalo de *capela* (*Viaje 1754*, 65) e, de non ser de *capela*, será por *Capella* 'cabra' (*Viaje 1754*, 66); tamén pensa disparadamente que *Carba* quizais veña do gal. *craba* < *capra*; *Groba* de *Graba*, *Craba*, *Cabra* e *Carpaza* de *Capratia*, por ser alimento de cabras (*Viaje 1754*, 66); despois pensa xa para *Grova*/*Groba* en orixe visigoda, sueba ou goda (*Col. voces*, 410; *Onomástico*, nº 454); para *Leira* alterna entre *larea* (*Elementos*, nº 296; *Onomástico*, nº 458) e *glarea* (*Elementos*, nº 316) e, xunto a elas, propuxo *lira* e *area* (*Conjeturas*, fol. 204r, 204v, 212v; cf. Pensado, *Onomástico*, I, 344, 478-479); para *Cons* di que quizais poida vir de *coin* < *cuneu* ou de *conus* ou de *cautes* (*Viaje 1745*, 59; *Onomástico*, nº 458); para *Padrón* dubida entre *Patronus* polo apóstolo ou *Petronus* pola columna ou padrón da igrexa (*Viaje 1745*, 53-54; *Onomástico*, nº 443); para Tomeza pensou se viría de *tumor, tumescencia, tumentia*, etc. por estar nunha lomba do monte de San Cibrán ou se viría de *tomex, tomicis* 'tomiza', pero é máis verosímil que veña de *tumba* 'sepulcro' (*Viaje 1745*, 124). Inclusive chega a propo-la mesma etimoloxía para dous topónimos, como cando deriva *Vea* e *Ulla* de *Via*, que está en Ptolomeo e Mela (*Col. voces*, 184-185; *Viaje 1745*, 129; *Viaje 1754*, 78; *Onomástico*, nº 456).

Outras veces, cando non está seguro dunha proposta, pon a palabra «acaso» acompañando á etimoloxía que se lle ocorre, como en *Belesar* (*Viaje 1754*, 31), *Carcacía* (*Viaje 1754*, 40), *Toutòn* (*Viaje 1754*, 103), *Villarbarro* (*Viaje 1754*, 78), *Río Portamedos* (*Viaje 1754*, 83-84), *Isorna* (*Viaje 1754*, 41), *Ouròlo* (*Viaje 1754*, 43), *Cilleiròs* (*Viaje 1754*, 123), *Ousoño* (*Viaje 1754*, 58), *Lodayro* (*Viaje 1754*, 68), *Reguèla* (*Viaje 1754*, 73), *Costa do Viadeyro* (*Viaje 1754*, 75; cf. *Onomástico*, nº 458), *Talamancos* ou *Taramancos* (*Viaje 1754*, 58), *Monzon* (*Viaje 1754*, 104), *Aguas de Quines* (*Viaje 1754*, 60), *Coucerval* (*Viaje 1754*, 128), *Tarroybo* (*Viaje 1754*, 67), *Sentimila* (*Viaje 1754*, 64), *Arnela* (*Viaje 1745*, 79), *Nembrullo* (ou *Nembrollo*) (*Viaje 1745*, 51), *Milladoiro* (*Viaje 1745*, 53; cf. *Onomástico*, nº 435), *Caritaina* (*Viaje 1745*, 105), *Oitavén* (*Viaje 1745*, 113), *Paralaya* (*Viaje 1745*, 117), *Pintos* (*Viaje 1745*, 117), *Hermelo* ou *Ermelo* (*Viaje 1745*, 119), *Arribas* (*Viaje 1745*, 86),

actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 15

Sestayo (*Viaje 1745*, 83), *Trabadelo* (*Viaje 1745*, 168), *Oeste* (*Viaje 1745*, 74), *Soesto* (*Viaje 1745*, 75), *Toural* (*Onomástico*, nº 412), *Zerreda* ou *Cerreda* (*Onomástico*, nº 428), *Ledesma* (*Onomástico*, nº 431), *Cisargas* (*Onomástico*, nº 442), *Rabuñade* (*Onomástico*, nº 442) e outros. Para outras palabras, en lugar de «acaso», pon un interrogante («¿si de ...?» ou «si ...?»), como en *Corzanes* (*Onomástico*, nº 418), *Cou Cerval* (*Onomástico*, nº 418), *Urros* (*Onomástico*, nº 418), *Borrajeyros* (*Onomástico*, nº 428), *Tragove* (*Viaje 1745*, 60), *Nóutegos* (*Viaje 1745*, 82), *Tourón* (*Onomástico*, nº 414), *Ousoño* (*Onomástico*, nº 440), *Chamôrro* ou *Chamôro* (*Viaje 1754*, 69); *Grov. (San Mamed)* (*Viaje 1754*, 113). Mesmo dubida na palabra *Vrea*, *Brea*, *Verea*, que deriva en varios lugares de *Vereda* (*Viaje 1754*, 32, 34, 110; *Elementos*, nº 314; *Onomástico*, nº 437) e nun caso aparece con interrogante (*Viaje 1754*, 43).

Tamén pon unha lista de 32 topónimos de supostos vexetables como dubidosos e sen etimoloxía. De todos eles sorprende que non coñeza a orixe de *Bóbeda* (e que o coloque entre os vexetables), *Rabuñade*, *Raygosa*, *Escurriscadas*, *Eibedo*, *Argibide* (que é xermánico), *Arnuide*, *Tremuedo*, *Bugallido* ou *Toedo* (*Onomástico*, nº 429, 430). *Loeda* pono como dubidoso nº 429 e *Lueda* no nº 430, pero *Loeda* aparece con *Lodayro* como derivado de *lotus* no nº 426 do *Onomástico*.

Dada a súa maneira de escribir sen que lle importasen as repeticións continuas e sen repasa-los traballos, atopamos en moitas ocasións erros facilmente subsanables. Así, nas listas de nomes xeográficos do *Onomástico* hai algúns que están mal colocados e outros que se colocan en dous lugares diferentes. Entre os mal colocados temos *Curuxeyra* e *Coruxa*, que están no nº 413 e deberían estar no nº 414 ou 415 (*Coruxa* tamén está no 415); *Tourón* está no nº 414 e debería estar no 413; *Zebrero* está no nº 416 entre os nomes das aves; *Outeiro das Boas Novas* está no nº 431 e debería estar no 432, *Pedra Lada* está no nº 436 e debería estar no 432 cos de *petra*; *Tangil*, *Zaqueril*, *Sampil* e *Coujil* están desprazados no nº 449, pois deberían estar no 448. Entre os repetidos temos *corvus* mal no nº 412 e ben no 414; derivados de *milvus* nos nº 413 e 417, derivados de *vultur* nos nº 415 e 417, derivados de *apis* nos nº 416 e 418; *Cons* sen etimoloxía no nº 432 e *Côns* con ela no 458, *Antas* sen etimoloxía no nº 432 e con ela no 433, Portela no nº 436 e desprazado máis abaixo pon *Portelo* e no nº 438 *Portas*; *Leira* está no nº 436 sen etimoloxía e no 458 con ela; *Alén*, *Alende* no nº 436 e *Alemparte* no 438; *Cortegada* nos nº 443 e 455, *Recemil* nos nº 445 e 448; *Ozende* no nº 447 e *Vila -osende* no nº 454; *Lubre* nos nº 452 e 453, *Ransinde* nos nº 447 e 453, *Guisande* nos nº 447 e 453; *Lubian* nos nº 446 e 454; *Baltar* nos nº 446 (*Baltar*) e 454 (*Valtar*), *Dubra* nos nº 453 e 454; *Teyxido* no nº 427 e *Teixido* no nº 456; *Allariz* no nº 451 (como xermánico) e no 458; *Castrove* nos nº 453 e 458. Ademais, *Argiz* e *Mariz* ponos en dous sitios distintos no nº 451, *Giao*/*Gian* explícao ben no nº 444 (< Julianus) e mal *Gian* no nº 446 (como suebo ou godo), *Escudeyros* colócao como debido á disposición do terreo no nº 438 e ó final do nº 441 e ó comezo e final do nº 442 pon bastantes nomes que non son posesores.

Outras veces non se para moito en precisa-la etimoloxía e só indica a palabra base da que deriva o termo estudado, como en *Golpellares* e *Gulpillàs* < *Vulpecula* (*Onomástico*, nº 413; *Elementos*, nº 240), pero *Golpelleyras*, de *Vulpecularia*, de *vulpes*,

actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 16

golpe (*Catálogo*, 406), *Formigosa* < *Formica* (*Onomástico*, nº 413), *Porqueyros* < *porcus* (*Onomástico*, nº 413), pero *Porqueyra* < *Porcaria* (*Onomástico*, nº 412), *Falcoeyra* < *Falco* (*Onomástico*, nº 414 e 417), *Insua das Gaybotas* < *Gavia* (*Onomástico*, nº 414), *Paxarinol* e *Passarelos* < *Passer* (*Onomástico*, nº 415), *Aguiar* < *Aquila* (*Onomástico*, nº 416), *Teyxugos* < *Taxus* (*Onomástico*, nº 413); *Tessoeyras* < *Taxus* (*Onomástico*, nº 417), *Cigoñeyra* < *Ciconia* (*Onomástico*, nº 417), *Miñoteyros* < *Milvus* (*Onomástico*, nº 417), *Buytiròn* < *vultur* (*Onomástico*, nº 415), *Buytureyra* < *vultur* (*Onomástico*, nº 417), *Loboso* < *lupus* (*Onomástico*, nº 417), *Abelleyra* < *Apis* (*Onomástico*, nº 416), *Abelliñas* < *Apis* (*Onomástico*, nº 418) e moitos máis.

Se pasamos ós apelidos e ós nomes, as consideracións de Sarmiento son importantísimas. Indica como os romanos distinguían os fillos pola orde numeral do seu nacemento (*Secundus*, *Quartus*, etc.) e as fillas co diminutivo (*Quartilla*, *Quintilla*, etc.) ou tomaban os apelidos da *Historia Natural*, especialmente da *Botánica* (*Agricola*, *Ciceron*, *Fabio*, *Florus*, etc.) (*Onomástico*, nº 461, 611) ou dalgunha prenda (el *Blanco*, *el Rojo*, *el Rubio*, etc.) ou defecto corporal (el *Tuerto*, *el Bizco*, *el Contrahecho*, etc.), caracteres que pasaron despois a apelido de familia e dos descendentes e que teñen continuación en romance (*Onomástico*, nº 462). Como exemplo pon o caso de *Maldonado*, que é un apelido de orixe galega que estuda con detalle (tanto a familia medieval coma os descendentes modernos) en diferentes obras e que procede do alcume *Maledolatus*, que xa aparece en 1221 e noutros documentos. Para él de *Maldoado* fixe ron os casteláns erroneamente *Maldonado* (*Viaje 1745*, 139-140; *Col. voces*, 394-398; *Onomástico*, nº 463-464; *Catálogo*, 277-278; *Escritos geográficos*, 60).

Tamén se refire a outra maneira de forma-los apelidos, que constitúe o teorema 10º dos *Elementos*. Nel di que os gregos tomaban o apelido do pai e que engadían un *Z* (*sic*) ó xenitivo (*Alexandro Philipi*, fillo de *Phelipe*) e que os godos seguiron o mesmo costume, polo que se engade *Z* ó nome do pai para o fillo (pon 42 exemplos, como *Alvarez*, de *Alvaro*, etc.) (*Elementos*, nº 341-343). Fronte a isto, no *Onomástico* di que os orientais, os gregos, etc. distinguían ós fillos cun xenitivo do pai (*Alexander Philippi*, fillo de *Felipe*), que os moscovitas conservan esta moda con *witz* 'fillo de' e igual os holandeses, pero todo a imitación dos godos, que introduciron en España este modo de distingui-las persoas co xenitivo do nome do pai e de aí que se chamen apelidos patronímicos e polo común acaban en *-z* (*Petrus - Petriz*, *Martinus - Martínez*, *Ramirus - Ramiriz*, etc.). Os godos tiñan poucos nomes para persoas, por iso eran infinitos os patronímicos e debido a isto recorreuse a toma-lo apelido dos lugares de nacemento, habitación, señorío, título, fundación, etc. Canto máis distante estaba un do seu país, máis extensible era o apelido xeográfico (*Onomástico*, nº 465-466). Así, en Galicia atopamos *Pedro Fernández* o de Lugo, o de Tui, o de Ourense, etc. Nas vilas de partido distínguense os *Pedros Fernández* polas freguesías e nestas polas aldeas ou lugares de nacemento ou habitación. Tomados estes apelidos transmítense ós descendentes (*Onomástico*, nº 467).

Segundo Sarmiento, para o estudo dos apelidos deberían utilizarse os documentos medievais en latín e en galego, as inscricións góticas e latinas e os foros medievais, porque nestes materiais poderían verse moi ben os antepasados e as filiacións

actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 17

familiares. A Historia Natural e a Xeografía son fundamentais para o estudo de *apelidos, armas* e *naturezas* primitivas e o descoñecemento delas, da lingua e dos arquivos levou a que se dixesen moitos disparates (*Onomástico*, nº 460, 593-600). Por iso fai unha crítica feroz dos libros de Xenealoxía e Heráldica e dos xenealoxistas, que sen coñecer Historia Natural, Botánica, Xeografía e o idioma se dedican a inventar orixes disparatadas para as armas e os brasóns das familias con apelidos nobres (*Onomástico*, nº 468, 481-482, 499, 542-543, 546-550, 563-567 e ss., 606, 617-626, 650-652). Pon exemplos destes disparates, como a familia *Oca*, que alguén deriva do persa *Dario Ocho* e que é un nome xeográfico (*Onomástico*, nº 573), ou o apelido Haedo que o Padre Haedo deriva dun Duque de Cantabria chamado Don Heduo e outros din que vén da nación dos *Eduos*, cando procede de *fagetum*, derivado de *fagus*, *fagi* (*Patria Cervantes*, nº 48-49; *Onomástico*, nº 483). Aquí entra tamén o nome *Ossorio*, que el fai derivar erroneamente de *Ursario*, coa evolución O > OI (*Elementos*, nº 302), coa forma medieval *Ossoiro* (*Catálogo*, 386, 390; *Onomástico*, nº 571-572). Viu que un da familia *Ozórez* puña un ou dous azores por armas, que é un desatino, pois para el *azor* vén de *astur, asturis* (non coñece *acceptorem*), co cambio ST > Z e U > O (cf. *Elementos*, nº 283). O apelido *Ozórez* é patronímico e derívao de *ursus*. Segundo Sarmiento deste formáronse os nomes *Ursarius, Urseolus, Ursicinus* e o apelido *Ursinus* (*Onomástico*, nº 570). O fillo dalgún cabaleiro *Ursarius* debeuse apelidar *Ursarii* e á gótica *Ursariz*, *Ossariz* e *Ossoriz* > *Ossorez*, seguindo o absoluto *Ursario* > *Ossorio* > *Osorio*, pero pasando primeiramente pola forma *Ossoiro*, *Osoiro* (*Onomástico*, nº 571), teoría totalmente errónea (cf. Pensado, *Onomástico*, I, 488-489). Outro caso é o da familia Quiroga, que ten nas armas tres estacas ou troncos por unha suposta batalla contra os mouros, ós que bateron a paus (*Onomástico*, nº 585). *Quiroga* é un vexetable chamado en Galicia *queiroga* ou *queiruga* e derívao acertadamente de *carioca*, de *carea* (*Onomástico*, nº 319, 426, 586, 622-624), aínda que a orixe é incerta e propuxo noutros traballos etimoloxías bastante extravagantes (citadas por Pensado, *Onomástico*, I, 94-95, 238-239).

De maneira correcta di que os apelidos deben mirarse por razón da orixe da voz e por razón do país de onde primitivamente saíu para outros países e considera que hai catro combinacións: apelidos que teñen clara a etimoloxía e o país; outros dos que se ignora a etimoloxía e o país; outros dos que se sabe a etimoloxía e non o país e outros dos que non se sabe a etimoloxía e si o pais. Non se refire ós apelidos tomados de defectos corporais nin ós patronímicos, que son de calquera país, senón dos apelidos que se tomaron de sitios xeográficos ou de lugares, e considera que os máis dos nomes de lugares tomaron o nome da abundancia dalgún «mixto» da Historia Natural ou dalgún vexetable (*Patria de Cervantes*, nº 76-77).

Baseado nestes postulados, cita apelidos que proceden de topónimos, como *Graña* (*Escritos geográficos*, 94-96), *Arredondo*, *Padín*, *Ricoy* e *Raxoy*, os dous últimos colocados entre os nomes de orixe sueba ou goda (*Viaje 1754*, 39; *Escritos geográficos*, 96; *Onomástico*, nº 454, 472-473; *Catálogo*, 406), e refírese a unha serie de personaxes que levan apelidos procedentes de Galicia e que teñen a súa orixe en topónimos. Así, Diego Saavedra Faxardo e Miguel Cervantes Saavedra manifestan que

actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 18

polos dous apelidos son oriúndos de Galicia (*Patria de Cervantes*, nº 77), pois os apelidos *Cervantes* e *Saavedra* son comunísimos en Galicia (*Patria de Cervantes*, nº 1). Cita a outros personaxes que levan o apelido *Cervantes*, procedente do topónimo lugués *Cervantes*, que deriva erroneamente de *cervus*, pois debe ser prelatino (*Patria Cervantes*, nº 68-69, 73; *Onomástico*, nº 413). Tamén cita personaxes que levan o apelido *Saavedra*, que se tomou dun nome xeográfico e que deriva absurdamente de *sata-vetera*, coa evolución *sata* < *sada* < *saa* < *sâ*, polo que os topónimos *Sada*, *Saa* ou *Sa* e *Saavedra* terían para el a mesma orixe, no verbo *sero*, *is*, *sevi*, *satum*[5], cando *Sada* non sabemos de onde procede e *Sa* procede da palabra xermánica **sala* (*Patria de Cervantes*, nº 20, 22-23, 70-71; *Onomástico*, nº 420, 468-469, 592; *Catálogo*, 401, 441-442; *Viaje 1754*, 67).

Outro apelido que trata por extenso é o do escritor portugués Camões, cuns antepasados procedentes de Galicia. Xa coñece en 1270 nun documento de Poio «Ferdinandus Ruderici de Camoes» (*Viaje 1745*, 139) e indica como o poeta Vasco Pérez de Camoes, que naceu en Galicia, da familia dos *Camaños*, xunto a Pontevedra, pasou polos anos de 1370 con outros cabaleiros a Portugal e del procede Luís de Camões (*Elementos*, nº 454; *Discurso apologético*, nº 29, 146; *Patria Cervantes*, nº 209, 213-216, 219-220, 227-228; *Viaje 1745*, 139; *Escritos geográficos*, 96; *Onomástico*, nº 635-637). A etimoloxía que propón volve ser disparatada: de *Camaño* (na ría de Muros) > *camanense* > *camonense* > *camoense* > *camoens* (á portuguesa) > *camòes* (á galega) (*Onomástico*, nº 636; *Patria Cervantes*, nº 215)[6]. Nos seus escritos non se limita a falar da familia Camões, pois inclúe outros moitos cabaleiros e persoas que pasaron a Portugal (*Patria Cervantes*, nº 210, 212, 218, 227, 228; *Onomástico*, nº 514-515, 537).

Sarmiento considera que os nomes das aldeas da metade de Portugal son os mesmos que hoxe se conservan no máis retirado de Galicia e que a poboación de Portugal despois dos mouros camiñou de Galicia para o Sur e non da Galicia do Sur para o Norte, polo que hai moitas familias portuguesas que teñen orixe en Galicia (*Discurso apologético*, nº 29; *Escritos geográficos*, 96). Por esta razón, se un apelido existe en Portugal e no centro de Galicia e non está no *Nobiliario* de D. Pedro, pasou de Galicia a Portugal. Se está en D. Pedro, hai que cotexa-la maior antigüidade dos apelidos e, se é máis antigo en Galicia, pasou a Portugal. Se hai dúbida, por regra xeral pasou de Galicia a Portugal. Se hai un lugar ou poboación co mesmo nome en Portugal e no centro de Galicia, en Portugal é poboación de galegos e non ó contrario. Se en Portugal hai un apelido que se tomou dalgún lugar e ese lugar non o hai en Portugal e si en Galicia, ese apelido, aínda que non exista como apelido en Galicia, pasou de Galicia a Portugal (*Onomástico*, nº 717-719).

É o caso do citado *Camões* ou de *Magallanes* e *Vasconcelos*. *Fernando de Magallanes* era portugués, pero a súa orixe era galega, da ría de Pontevedra, onde está o *castro* e lugar de *Magallanes* (sic) e houbo alí tal familia, antes que aparecese en Portugal. A primeira noticia que hai dos *Magallanes* en Portugal é un *Magallanes*, testesmuña, no XIV; pero en 1241 temos *Don Juan de Magallanes*, abade de San Xoán do Poio e a pouco máis dunha legua do Poio está o lugar de *Magalláns*, ó pé

actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 19

do castro ou monte tamén chamado *Magalláns*, e xa nun documento de 1128 está expresa noticia do castro e lugar de *Magallans*. Do lugar de *Magallanes* sairía un galego *Magallanes* que pasaría a Portugal (*Patria Cervantes*, nº 108, 142-143, 145-148; *Viaje 1754*, 35; *Escritos geográficos*, 96; *Onomástico*, nº 500-505, 511, 513). Oscila na grafía entre *Magalans* e *Magallans* e derívao de *Magellani* (*Onomástico*, nº 442) ou de *Magalianes* < de *magalia* (*Catálogo*, 295, 433-434) ou de *magalia* 'chozas de pastores', pero como a terminación mostra que é xenitivo de persona, sería *Casale Mugillani* e despois á gótica *Magallanis*, como proveniente da familia *Papiria*, que tiña o apelido *Mugillano* (*Onomástico*, nº 510). Ningunha convence e a orixe é escura (cf. Pensado, *Onomástico*, I, 383-384).

Canto a *Vasconcelos* cre que oíu o lugar de *Vasconcélos* cara a Samos e que outros pronuncian doutro modo. Se existe, é diminutivo de *Vascones* e cre que neste caso a familia *Vasconcelos* pasaría de Galicia a Portugal. Algún galego do *Vasconcelos* de Lemos pasou a Portugal e un dos seus descendentes fundou a *Torre de Vasconcelos* entre os ríos Home e Cádavo (*Catálogo*, 434; *Onomástico*, nº 458, 631-635).

Outras veces atopa a orixe remota dos apelidos, como ocorre con *Feixó*, que corresponde ó latin *phaseolus*. Os romanos tomaban os apelidos da *Historia Natural* e nunha inscrición de Rimini aparece o apelido *Faselus* ou *Faselis* < de *Phaseolus* 'feixón, faba'. De aí a nobre familia galega dos *Feixô*, da que xa temos en 1140 «Menendus Faiseolus». Para este apelido propón incorrectamente a evolución *phaseolus* > *Feyxòlo* > *Feyxoo* e *Feixô* ou *faseolus* > *faseolo* > *feiseolo* > (perda de L e sibilando o S) *feixeoo* > *Feixoo* ou *Feixô* (*Patria Cervantes*, nº 252; *Col. voces*, 302; *Onomástico*, nº 612-617; *Elementos*, nº 237, 296).

Fóra destes apelidos famosos que tanto o preoccuparon, hai que sinalar que nas súas obras aparecen constantemente citas de familiares, de persoas amigas, coñecidas ou relevantes e notas persoais. Véxase, por exemplo *Viaje 1745*, 117-118, 137, 159, 166, 169; *Viaje 1754*, 28, 34, 37, 39, 41, 43, 44, 45, 47, 56, 59, 60, 66, 69, 70, 73, etc.; *Col. voces*, 377, 395; *Elementos*, nº 364; *Catálogo*, 280, 345, 402, 411, 413, 417, 427, 438, 443, 458, 496, 501; *Cat. voces*, pp. 106, 110, 119, 125, 133, 146, 149, 150, 151, 153, 157, 165, 168, 171, 172, 177, 179, 183, 186, 191, 195, 199, 205, 210, 217, 225, 233, etc.; *Escritos geográficos*, 63, 64; *Epistolario* 35, 37, 39, 76, 83, 94, 97, 113, 114, 117, 118, 119, 123, 124, 125, 126, etc.). Tamén cita personaxes famosos orixinarios de Pontevedra (*Discurso apologético*, nº 89; *Patria Cervantes*, nº 20-22, 107-108, 147, 151; *Col. voces*, 400; *Epistolario*, 337; *Onomástico*, nº 506-507, 592; *Catálogo*, 296, 393) e nomes e apelidos que recolle en documentos medievais, fala de liñaxes e familias de Pontevedra, pon algunha indicación sobre a supervivencia desas familias (*Catálogo*, 278, 294-296, 379-386, 388-393) e traduce as máis das veces os nomes medievais galegos ó castelán (*Catálogo,* 380, 381, 391). Tamén cita alcumes (*Catálogo*, 445-446, cf. Pensado nas pp. 174-175). Outras veces cita unha serie de apelidos e o seu lugar de procedencia (moitos no *Epistolario*, 149-150).

Alén diso, a presenza de antropónimos é constante. Característico é que nas *coplas* e nos *Comentos* aparezan numerisísimos nomes coa forma galega e coa indica-

actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 20

ción da etimoloxía, como *Peruxo* (*Col. voces*, 83), *Perucho* (*Col. voces*, 83, 87, 88, 93, 106, 420, etc.), *Peruchiño* (*Col. voces*, 92, 96, 120, 151, 460), *Perico* (*Col. voces*, 427); *Maruxa* (*Col. voces*, 83, 88, 96, 97, 98, 99, 107, 424, etc.), *Maruxiña* (*Col. voces*, 92, 96, 100, 111, 131, 424, 460), *Marica* (*Col. voces*, 427); *Xepiño* (*Col. voces*, 83, 87, 88, 92, etc.), que pon como diminutivo de *Xepe* e este recortado ou voz truncada de *Jo-sepe*, que é *Joseph* (*Col. voces*, 420; *Elementos*, nº 330; *Apuntamientos*, nº 112); *Minguiña* (*Col. voces*, 83, 88, 111, etc.), diminutivo de *Dominga* e recortado (*Col. voces*, 426, 437); *Mingos* e *Mingo* recortado de *Domingos* (*Col. voces*, 83, 87, 401; cf. *Elementos*, nº 241, 324, 330), fronte a *Santo Domingo* (*Epistolario*, 321); *Macías* (*Col. voces*, 83, 87, 379, 406); *Roque* (*Col. voces*, 83, 87, 399); *Bastian* (*Col. voces*, 83, 87, 401), entre rústicos por *Sebastian*, que deriva do grego *Sebastos* 'augusto' (*Col. voces*, 401) ou recortado do latín *Sebastianus* (*Elementos*, nº 330); *Thereixa* (*Col. voces*, 83, 87, 406); *Bernaldo* (*Col. voces*, 95, 472; cf. *Bernaldo* < *Bernardo* en *Elementos*, nº 245) e *Anacenzo* < *Innocentius* (*Elementos*, nº 284), etc.

Xunto a moitos nomes de persoa aparecen nas súas obras frecuentes referencias ás advocacións de freguesías, mosteiros ou ermidas e a topónimos que levan nomes de santos. A súa postura referente a estes nomes non é coherente, porque, igual que fai cos topónimos, aínda que coñece perfectamente a forma galega e a utiliza case sistematicamente nas *Coplas* e nos *Comentos*, nas outras obras castelaniza de maneira esaxerada a forma autóctona, sempre en alternancia coa forma galega. Importante é que normalmente indica a etimoloxía das palabras. Vexamos algúns casos de castelanización ó lado da forma galega: *Santa Cecilia* (*Viaje 1745*, 67, 68; *Viaje 1754*, 62, 72; *Escritos geográficos*, 58, 68) e *Santa Cecia* (*Viaje 1754*, 62); *San Veríssimo* (*Viaje 1754*, 108), *San Verísimo* (*Viaje 1745*, 164; *Viaje 1754*, 117) e *San Breixo* (*Viaje 1754*, 59), *San Breixome* (*Viaje 1754*, 61, 93, 107), *San Breiximo* (*Col. voces*, 408), *San Breijimo* (*Viaje 1745*, 73)[7]; *San Pantaleón* (*Col. voces*, 397; *Viaje 1745*, 65, 70; *Viaje 1754*, 73, 139; *Escritos geográficos*, 58, 63) e *San Pantaion* (*Viaje 1754*, 63) ou *San Pantayón* (*Viaje 1745*, 73; *Viaje 1754*, 75); *San Ysidre* (*Viaje 1745*, 70, 71) e *San Isidro* (*Viaje 1745*, 85, 157). Nas *Coplas* pon *a [virxe] da Escravitude* (*Col. voces*, 139), pero fóra dese caso está *Nuestra Señora de la Esclavitud* (*Viaje 1745*, 53; *Viaje 1754*, 62; *Escritos geográficos*, 62), igual que tódalas outras referencias a *Nuestra Señora* (*Viaje 1745*, 104, 106, 110, 131; *Col. voces*, 391; *Catálogo*, 379, 386, etc.). É interesante o caso de *Nuestra Señora de Gracia* porque a ermitá a quen lle pregunta lle responde «que era de *Nosa Señora de Graza*» (*Viaje 1745*, 131).

Hai moitísimos casos en que alterna a forma castelá coa galega para o santo e outros nos que, cando se refire a unha persoa determinada, pon a forma en castelán e, cando utiliza a palabra nas *Coplas* galegas e nos *Comentos* ou fala da etimoloxía dos nomes galegos, se decanta pola forma autóctona. Así ocorre con *San Benito* (*Viaje 1745*, 163, 164; *Viaje 1754*, 80, 82, 103, 122) e o nome *Benito* (*Catálogo*, 295, 345, 427, 501; *Cat. voces*, p. 171), se ben nas *Coplas* pon *San Bieito* (*Col. voces*, 108, 139; tamén *Viaje 1745*, 99) e o nome *Bieito* (*Col. voces*, 83, 87, 394; tamén *Onomástico*, nº 444), ó mesmo tempo que di que *Bieito* e *Benito* proceden de *Benedictus* (*Col. voces*, 394) e que *San Benitiño* (*Col. voces*, 84, 112, 140, 194), diminutivo de *Benito*,

actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 21

en puro galego debería ser *Bieitiño*, de *Bieito* (*Col. voces*, 194). Xunto a *San Antonio* (*Col. voces*, 376; *Viaje 1745*, 64, 157, 165) ou *Antonio* (*Col. voces*, 108; *Cat. voces*, pp. 110, 195, 277; *Epistolario*, 179, 197, 199, 234, 247, 248, 477; *Viaje 1754*, 56, 70), atopamos *San Antón* (*Viaje 1745*, 71, 84) ou *Antón* (*Col. voces*, 83, 87, 90, 92, 159, 376-377, 459, 461), derivado de *Antonius* (*Col. voces*, 376), fronte a *Antoíño*, derivado de *Antoninus* (*Onomástico*, nº 444). Xunto a *San Bartolomé*/*Bartholomé* (*Viaje 1745*, 64, 69, 104, 111; *Viaje 1754*, 63, 69, 79, 103, 114; *Epistolario*, 242; *Catálogo*, 411, 427), atopamos *San Bertolomeo* (*Col. voces*, 139), *San Bartholomeo* (*Col. voces*, 155) e en documentos do XV *San Bertolameu* (*Catálogo*, 388, 389) e *San Bartolomeu* (*Catálogo*, 389), se ben el fala da «feligresía de *San Bartolomé*» (*Catálogo*, 388); nas *Coplas* e *Comentos* pon *Bartholo*/*Bartolo* (*Col. voces*, 83, 87, 394) e considérao recortado de *San Bartolo-mè* (*Col. voces*, 394). Xunto a *San Julián* (*Catálogo*, 276, 295; *Col. voces*, 174; *Viaje 1745*, 64, 69, 71, 76, 85, 86, 166; *Viaje 1754*, 40, 41, 51, 64, 68, 72, 73; *Escritos geográficos*, 72), pon *San Giao* (*Viaje 1745*, 76; *Catálogo*, 276) e sabe que *San Julián* de Marín aparece nos documentos medievais como *San Giao* (< *Juliano*) *dos Encoirados* (*Col. voces*, 174); como nomes pon *Giao* < *Juliano* (*Elementos*, nº 320) e *Giao*, *Gian* < *Julianus* (*Onomástico*, nº 444). Xunto a *San Juan* (*Catálogo*, 368, 380; *Col. voces*, 173, 175, 377, 379, 454; *Cat. voces*, p. 134; *Viaje 1745*, 58, 62, 63, 65, etc.; *Viaje 1754*, 26, 27, 36, etc.; *Discurso apologético*, nº 163; *Escritos geográficos*, 46, 61, 64, 76, 96), aparece *San Joan* (*Col. voces*, 93, 140), *San Joaniño* (*Col. voces*, 119) e os nomes *Joan* (*Elementos*, nº 342; *Col. voces*, 108), *Jhan* (*Col. voces*, 83), *Jân* (*Col. voces*, 87, 157), *Jàn* (*Col. voces*, 401) ou *Jâm* (*Col. voces*, 401). Xunto a *San Lorenzo* (*Col. voces*, 378; *Viaje 1745*, 64, 102, 154, 163, 165; *Viaje 1754*, 31, 37, 80, 93, 107, 110, 114, 134) ou o nome *Lorenzo* (*Cat. voces*, p. 186; *Epistolario*, 247), aparece *San Lourenzo* (*Col. voces*, 113, 117) e o nome *Lourenzo* (*Elementos*, nº 284). Xunto a *San Martín* (*Cat. voces*, pp. 106, 131, 181; *Catálogo*, 333, 491; *Col. voces*, 175, 181, 192, 392; *Viaje 1745*, 58, 59, 65, 67, 68, 69, 75, 79, 83, 100, 107, 112, 128, 130, 154, 157; *Viaje 1754*, 38, 51, 53, 57, 72, 74, etc.; *Escritos geográficos*, 58, 62, 79) ou *Martín* (*Viaje 1754*, 118; *Col. voces*, 138), temos *San Martiño* (*Col. voces*, 108, 125, 180, 181; *Viaje 1745*, 126, 130, 165, 167; *Viaje 1754*, 51, 80, 91, 108, 109, 124, 141) e *Martiño* (*Col. voces*, 83, 87, 392). Xunto a *San Pelayo* (*Viaje 1754*, 63), aparece *San Payo* (*Catálogo*, 429; *Epistolario*, 82, 83, 447, 449, 450; *Cat. voces*, pp. 96, 328; *Viaje 1745*, 51, 87, 107, 110, 165, 166; *Viaje 1754*, 28, 33, 49, 50, 72, 106, 109, 121, 122, 123, 124, 126; *Escritos geográficos*, 64, 73), *Santo Payo* (*Viaje 1745*, 126) ou *Payo* (*Elementos*, nº 320; *Onomástico*, nº 444). Xunto a *San Blas* (*Cat. voces*, pp. 199, 207) ou *Blas*, usado entre señores (*Col. voces*, 398), temos *San Bras* (*Col. voces*, 140) ou o nome *Bras* (*Cat. voces*, pp. 153, 222; *Col. voces*, 83, 87, 157, 398), que é o usado entre os rústicos (*Col. voces*, 398), derivado de *Blasius* (*Col. voces*, 398; *Onomástico*, nº 444). Xunto a *San Félix* (*Viaje 1745*, 108), temos *San Finz* (*Catálogo*, 426), *San Fins* (*Viaje 1745*, 165) ou *San Fiz* (*Viaje 1754*, 67, 111, 113) e o nome *Fiz*, *Fins*, *Finz* < *Felix* (*Onomástico*, nº 444). Xunto a *Santa Marina* (*Viaje 1754*, 31, 117, 118; *Escritos geográficos*, 47, 63), pon *Santa Mariña* (*Cat. voces*, pp. 133, 151; *Col. voces*, 140, 175,

actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 22

187; *Viaje 1745*, 76, 84, 112, 127, 154, 162, 166; *Viaje 1754*, 58, 72, 78, 95, 117, 118; *Escritos geográficos*, 46, 64). Xunto a *Santa Eugenia* (*Catálogo*, 404, 406; *Cat. voces*, p. 178; *Viaje 1745*, 68, 80, 81, 87; *Viaje 1754*, 48, 49, 73, 99, 100, 138; *Col. voces*, 390; *Escritos geográficos*, 59), aparecen *Santa Uxía* (*Viaje 1745*, 87; *Viaje 1754*, 49, 52; *Catálogo*, 319; *Epistolario*, 118, 119; *Escritos geográficos*, 62; cf. *Onomástico*, nº 444), *Santa Ugía* (*Viaje 1745*, 128); *Santa Eugía* (*Col. voces*, 390; cf. *Onomástico*, nº 444) e *Eugea* (*Onomástico*, nº 444) e xunto a *Santa Eulalia* (*Viaje 1745*, 59, 61, 64, 80, 107; *Viaje 1754*, 37, 63, 73, 79, 92, 109, 122, 125, 139) ou *Santa Olalla* (*Viaje 1745*, 51; cf. *Elementos*, nº 307), temos *Santa Baya* (*Viaje 1745*, 85, 88, 89, 128; *Viaje 1754*, 45, 109, 110), *Santabaya* (*Viaje 1745*, 72), *Santaya* (*Viaje 1745*, 71), así como *Vaya* (*Elementos*, nº 320), *Baya*, *Vaya*, *Santalla*, *Santaya* e *Santella* (*Onomástico*, nº 444). Xunto a *San Saturnino* (*Viaje 1754*, 70), temos *San Saturniño* (*Viaje 1754*, 57, 99), *San Sadurniño* (*Viaje 1754*, 28, 73), *San Sadurnino* (*Viaje 1754*, 103), *San Sadorniño* (*Viaje 1745*, 163) e *Sadorniño* (*Onomástico*, nº 444). Xunto a *Santa Leocadia* (*Viaje 1745*, 71; *Viaje 1754*, 73, 75), aparece o nome *Leocaya* < *Leocadia* (*Onomástico*, nº 444). Xunto a *San Esteban* (*Epistolario*, 450; *Viaje 1745*, 65, 66, 68, 69, 71, 73, 74, 99, 114, 165, 166; *Viaje 1754*, 30, 31, 39, 56, 63, 64, 65, 68, 103, 122, 129, 136; *Col. voces*, 171; *Escritos geográficos*, 64, 79; *Apuntamientos*, nº 169), aparece *San Estebo* (*Viaje 1754*, 39). Xunto a *San Cristóbal* (*Viaje 1745*, 63, 67, 72, 164, 167, 169), *san Christobal* (*Viaje 1754*, 70, 136), *San Christoval* (*Viaje 1754*, 70, 78, 105, 135, 136) e *Christoval* (*Viaje 1754*, 80), temos *San Christóvo* (*Viaje 1745*, 165), *San Cristovo* (*Viaje 1754*, 108) e *Cristovo* (*Col. voces*, 156) ou *Christobo* (*Col. voces*, 156). Xunto a *San Vizente* (*Viaje 1754*, 26, 57, 72, 73, 74, 80, 90, 93, 124, 125), *San Vicente* (*Viaje 1745*, 69, 79, 106, 117; *Catálogo*, 349; *Cat. voces*, pp. 385, 392; *Col. voces*, 393; *Escritos geográficos*, 58, 75; *Onomástico*, nº 681) e *Vicente* (*Cat. voces*, p. 172; *Epistolario*, 495), aparece *San Vicenzo* (*Viaje 1745*, 58, 59, 128) e *Vicenzo* (*Elementos*, nº 284; *Onomástico*, nº 444). Xunto a *Santa Margarita* (*Catálogo*, 496, 497; *Cat. voces*, pp. 101, 103, 140, 273; *Epistolario*, 59, 104, 259; *Viaje 1745*, 138, 147, 154; *Viaje 1754*, 34, 39, 77; *Escritos geográficos*, 70) e *Margarita* (*Viaje 1754*, 32; *Epistolario*, 37) ou *Margaritiña* (*Epistolario*, 83), o nome *Margarida* (*Onomástico*, nº 444) e ó lado de *Magdalena* (*Catálogo*, 427; *Epistolario*, 83), a forma *Santa Madalena* (*Viaje 1745*, 85; *Viaje 1754*, 45) ou *Madalena* (*Viaje 1745*, 101, 104; *Viaje 1754*, 68, 71, 96). Xunto a *San Jorge* (*Cat. voces*, p. 120; *Viaje 1745*, 68, 156, 158; *Escritos geográficos*, 64), *San Jorxe* (*Viaje 1754*, 73, 78, 79, 94, 96, 103, 108, 109) ou *Jorge* (*Onomástico*, nº 118), *Jorxe* (*Viaje 1754*, 45), temos *San Jurxo* (*Viaje 1754*, 69, 72, 124; *Escritos geográficos*, 62, 64), *San Xurxo* (*Viaje 1754*, 126) e *Jorxe*, *Jurxo* < *Georgius* (*Onomástico*, nº 444). Xunto a *San Gregorio* (*Viaje 1745*, 52, 82, 100, 164; *Viaje 1754*, 35, 80; *Cat. voces*, pp. 103, 293) e *Gregorio* (*Cat. voces*, p. 217), a forma *Guirgoyro* < *Gregorius* (*Onomástico*, nº 444). Xunto a *San Ciprián* / *Cyprián* (*Viaje 1745*, 117, 118, 165; *Viaje 1754*, 119, 121, 137, 138, 139; *Catálogo*, 277; *Escritos geográficos*, 36; *Col. voces*, 178; *Cat. voces*, p. 218) e *San Cipriano* (*Catálogo*, 265) ou *Cyprian* (*Viaje 1754*, 56), temos *San Cibrián* (*Viaje 1745*, 124), *San Chidriàn* / *Chidrian* (*Viaje*

actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 23

1754, 25, 136, 137), *San Cidrian* (*Viaje 1754*, 136, 137), *San Cidrán* (*Col. voces*, 178; *Catálogo*, 265, 450), *San Cibrán* (*Viaje 1745*, 27, 117, 124, 125, 146; *Viaje 1754*, 39; *Col. voces*, 84, 178; *Catálogo*, 265, 450; *Cat. voces*, pp. 119, 218; *Escritos geográficos*, 60; *Epistolario*, 69, 156, 161, 177, 181, 228), *San Zibrao* (*Viaje 1754*, 29), *San Cibrao* (*Viaje 1754*, 121) e *Cybrao*, *Cybran* e *Cydran* derivados de *Cyprianus* (*Onomástico*, nº 444).

Lembremos outros casos. Para o nome *Afonso* nas *Coplas* pon *Afonso* (*Col. voces*, 95), pero nos *Comentos* decídese por *Alfonso* (*Col. voces*, 472, 473) e deriva *Alfonso* de *Ildefonso* (*Col. voces*, 472). Noutras obras refírese a *Santalifonso* (*Viaje 1754*, 79), á famosa *Puente Lafonso* (*Escritos geográficos*, 59) ou *Ponte La fonso* (*Viaje 1754*, 139), a persoas chamadas *Alonso* (*Viaje 1745*, 159; *Viaje 1754*, 37, 86; *Catálogo*, 427; *Epistolario* 258) e, entre as palabras con sílabas perdidas ou diccións recortadas, cita *Alfonso*, *Afonso* e *Fonso* < *Ildefonsus* (*Elementos*, nº 330). En varias obras cita *San Adrián* (*Col. voces*, 392; *Viaje 1745*, 105, 106; *Viaje 1754*, 95, 101, 109, 138; *Escritos geográficos*, 74), pero coñece *Santaradán*, aínda que indica que «es San *Adrián*, y así a San *Adrián dos Cobres* dicen está en *Santaradán*» (*Catálogo*, 450), e o topónimo *Adrao* (*Onomástico*, nº 444). De igual maneira, xunto a *San Andrés* (*Catálogo*, 440; *Cat. voces*, pp. 235, 256, 257, 258; *Col. voces*, 140, 390, 391, 401, 405; *Viaje 1745*, 66, 69, 85, 103, 106, 107, 114, 164; *Viaje 1754*, 39, 61, 64, 65, 66, 72, 79, etc.), coñece *Santarandér*, que «es San *Andrés de Teixido*» (*Catálogo*, 450). Ó lado de *Santa Catalina* (*Viaje 1745*, 58, 84; *Col. voces*, 174), nas *Coplas* e *Comentos* pon *Catuxa* (*Col. voces*, 83, 89, 441), pero tamén «*Catuxa* por *Catalina*» (*Col. voces*, 441) e nunha *copla* aparece *Catriña* e na glosa correspondente *Cathaliña* (*Catálogo*, 431). Alternan *San Alberto* (*Cat. voces*, pp. 257, 297; *Viaje 1754*, 49, 52, 56; *Escritos geográficos*, 62) e *San Alberte* (*Viaje 1754*, 65, 68), pero cita como nomes de persoas *Alberto* (*Epistolario*, 138, 234, 235) e nas *Coplas* e *Comentos* pon *Albertos* (*Col. voces*, 83, 87, 378) e non *Alberto*, porque está máis «arrimado» ó latín *Albertus* (*Col. voces*, 378). Coñece as formas *San Tomè* (*Viaje 1754*, 39) e *Santo Tomé* (*Viaje 1745*, 59, 60, 69, 100, 101, 107, 128, 131, 165; *Viaje 1754*, 52, 80, 94, 97, 101, 109, 137; *Escritos geográficos*, 52, 58, 60, 62, 72), fronte ó nome *Tomás* (*Epistolario*, 211, 232) e na *Coplas* e *Comentos* o feminino *Thomasa* (*Col. voces*, 83, 89, 92, 440, 455, 459).

Ademais destes casos, xunto a *San Clemente* (*Viaje 1745*, 100; *Viaje 1754*, 37, 93) ou *Clemente* (*Viaje 1754*, 82) e *San Cremenzo* (*Viaje 1745*, 80; *Viaje 1754*, 36), deriva o nome *Cremenzo* de *Clemens* (*Onomástico*, nº 444) ou de *Clemente* (*Elementos*, nº 284) e non de **Clementius*. Tamén utiliza a forma *San Mauro* (*Col. voces*, 358; *Onomástico*, nº 674) como equivalente de *San Amaro* (*Viaje 1745*, 54, 103, 164; *Viaje 1754*, 61, 71, 82, 89, 93; *Col. voces*, 140, 358; *Onomástico*, nº 674), xunto ó nome *Amaro* (*Col. voces*, 95, 472), que deriva falsamente de *Maurus* e non de **Amarus* (*Onomástico*, nº 444).

Máis raro é que utilice unicamente *San Mamed* (*Catálogo*, 477; *Cat. voces*, pp. 144, 280; *Col. voces*, 358, 378; *Viaje 1745*, 54, 61, 66, 69, 75, 82, 101, 131, 146; *Viaje 1754*, 28, 51, 59, 61, 105, 109, 110, 113, 122, 128, 138; *Escritos geográficos*, 47; *Onomástico*, nº 674) e que nas *Coplas* e *Comentos* poña *Mamed* (*Col. voces*, 83,

actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 24

87, 378), cando nos outros casos pon o nome en galego, e que diga que de *Mammes*, *Mammetis* temos en cast. *Mammés* e en *gal. Mammèd* (*Col. voces*, 378) ou de *Mames* en galego *Mamed* (*Onomástico*, nº 444).

Finalmente, hai casos nos que só utiliza a forma castelán, como en *San Jerónimo* (*Epistolario*, 499) e *Don Jerónimo* (*Epistolario*, 119; cf. *Onomástico*, nº 118); *Santa Tecla* (*Col. voces*, 266; *Viaje 1745*, 110, 111; *Viaje 1754*, 123, 124; *Escritos geográficos*, 47) e *San Cayetano* (*Catálogo*, 293, 294; *Col. voces*, 140; *Viaje 1745*, 54, *Viaje 1754*, 27, 61). Formas próximas ó galego son *Guillelmo* (*Elementos*, nº 239) e *San Guillelmo* (*Viaje 1745*, 79, 80, 82; *Escritos geográficos*, 59).

A castelanización chega a producirse nalgúns nomes ou apelidos portugueses, como en *Duarte Nuñez de Leon* (*Elementos*, nº 199, 455; *Discurso apologético*, nº 14; *Patria Cervantes*, nº 187, 207); *Duarte Nuñez* (*Elementos*, nº 202, 459, 462; *Discurso apologético*, nº 15, *Patria Cervantes*, nº 209, 230, 231), *Benito Pereira* (*Onomástico*, nº 321), *Juan de Barros* (*Patria Cervantes*, nº 195) ou *don Dionysio* (*Patria Cervantes*, nº 221).

Esta castelanización dos antropónimos non é a única, posto que volve a reproducirse nos topónimos. É certo que a maior parte dos que cita teñen a forma propia galega, pero ó longo de tódalas súas obras aparecen numerosas incongruencias porque introduce a forma propia do castelán. Unha primeira forma de castelanización é a enorme frecuencia de aparición do artigo castelán *el* ou *la*, tanto en topónimos maiores coma nos de menor entidade. Casos como *La Coruña* (*Escritos geográficos*, 36, 46, etc.; *Discurso apologético*, nº 15, 119, 123, 173; *Catálogo*, 284, 285, etc.; *Cat. voces*, pp. 193, 261, 262, 362, 388; *Epistolario*, 170, 235, 276, 289; *Patria Cervantes*, nº 208; *Col. voces*, 171, 172, etc.; *Viaje 1745*, 63, 64, 65, 69, 71, 73, 109, 159; *Viaje 1754*, 62, 69, 76, 77, etc.; *Onomástico*, nº 405, 406, 468, 509, 639), xunto a *Coruña* (*Escritos geográficos*, 57, 58, 61, 63; *Catálogo,* 435, 439, 440, 473, 474, 475, 476; *Viaje 1745*, 71; *Viaje 1754*, 34, 75, 139, 141; *Onomástico*, nº 441) e *las casas da Coruña* (*Catálogo*, 436); *La Carnota* (*Patria Cervantes*, nº 68; *Escritos geográficos*, 59, 71; *Onomástico*, nº 407) e *Carnota* (*Escritos geográficos*, 72), *La Graña* (*Viaje 1745*, 67, 68, 101, 150; *Viaje 1754*, 70; *Epistolario*, 444; *Escritos geográficos*, 62) e *Graña* (*Viaje 1745*, 59, 67, 85, 87, 101, 105, 107; *Viaje 1754*, 50, 72, 123, 139; cf. *Escritos geográficos*, 94-96; *Onomástico*, nº 438), *La Lama* (*Viaje 1754*, 82, 84; *Epistolario*, 157) e *Lama* (*Viaje 1745*, 113; *Viaje 1754*, 29, 95, 105, 125, 127), *el/del/al Ferrol* (*Escritos geográficos*, 36, 49, 57, etc.; *Catálogo*, 287, 288, 369, etc.; *Cat. voces*, pp. 85, 254, 257, 258, 259, 260, 316, 388; *Epistolario*, 35, 51, etc.; *Col. voces*, 175, 266, 334, 382, 383, 388, 393, 401; *Viaje 1745*, 64, 66, 67, 68, 71, 92, 128; *Viaje 1754*, 60, 64, 71, 137, 139; *Onomástico*, nº 287, 508, 632, 690, 823) e *Ferrol* (*Escritos geográficos*, 34, 61, 62; *Catálogo*, 439, 440, 475, 476; *Viaje 1754*, 71, 72, 139, 141; *Onomástico*, nº 456), *el Outeiro* (*Viaje 1745*, 155), etc.

Na combinación coa preposición *de*, como é normal, abundan os casos á galega, como *viña do Rouco* (*Cat. voces*, p. 160), *Cabo da Cruz* (*Viaje 1754*, 45), *Alto da Segundeyra* (*Viaje 1754*, 122), *Casal dos Cortellos* (*Viaje 1745*, 72), *Casa das Raposeiras* (*Viaje 1754*, 86), etc., xunto a outros moitos coa combinación en caste-

actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 25

lán, como *viña del Rouco* (*Cat. voces*, p. 106), *Casa de la Peròxa* (*Viaje 1754*, 61), *Cabo de la Cruz* (*Viaje 1754*, 100, 137), *Villanueva de los Infantes / Ynfantes* (*Viaje 1745*, 165; *Viaje 1754*, 109, 110), «la casa grande de *Las Raposeiras*» (*Viaje 1745*, 157), etc., con variantes como *barca del Perillo o del Pasaje* (*Escritos geográficos*, 58), *barca do Perillo o del Pasaje* (*Escritos geográficos*, 63), etc.

Máis chocante é que el, tan defensor do galego, utilice moitísimas veces os topónimos exclusivamente en castelán, como en *Barquero* (*Viaje 1754*, 139), *Barrio Nuevo* (*Viaje 1745*, 111), *la Cabrera* (*Viaje 1754*, 129), *Cinis* (*Viaje 1745*, 65), *la Fuenfría* (*Viaje 1754*, 27), *Gallegos* (*Viaje 1754*, 32), *La Guardia* (*Viaje 1745*, 100, 110, 111, 112, 128; *Escritos geográficos*, 34, 35, 36, 49; *Catálogo*, 308; *Col. voces*, 191, 266, 377, 380) ou *Guardia* (*Viaje 1745*, 110; *Viaje 1754*, 102, 137; *Escritos geográficos*, 47; *Onomástico*, nº 455; *Col. voces*, 382), *Lorenzana* (*Elementos*, nº 27; *Catálogo*, 316, 360, 433, 440; *Cat. voces*, pp. 81, 258, 470, 473, 481; *Epistolario*, 76, 81; *Viaje 1754*, 64; *Escritos geográficos*, 57; *Onomástico*, nº 426, 527), *Osera* (*Catálogo*, 442, 452; *Cat. voces*, pp. 98, 118; *Epistolario*, 218; *Viaje 1754*, 30, 31; *Escritos geográficos*, 61), *Osera* (*Viaje 1754*, 31; *Onomástico*, nº 614, 615), *Sotelo* (*Viaje 1745*, 101; *Cat. voces*, pp. 71, 73, 183, 185, 189, 205, 303, 473, 480, 481; *Epistolario*, 157, 162; *Escritos geográficos*, 58; *Catálogo*, 308, 433, 462), *Sotelo de Montes* (*Viaje 1745*, 94, 162, 163; *Catálogo*, 309, 350, 408, 434, 491; *Cat. voces*, pp. 70, 151, 174, 325, 360); *Tres Hermanas* (*Viaje 1745*, 100), *Viana del Bollo* (*Catálogo*, 491; *Onomástico*, nº 471), *el Vollo* (*Cat. voces*, p. 281; *Viaje 1754*, 127, 128), *Santa Cruz del Vollo* (*Viaje 1754*, 128, 129), *Lentellais del Vollo* (*Viaje 1754*, 129), etc.

Outras veces utilízaos maioritariamente en castelán, como *Finisterre* (*Escritos geográficos*, 36, 47, 49, 50, 59, 71, 72, 79; *Epistolario*, 151; *Patria Cervantes*, nº 68; *Col. voces*, 175, 184, 208, 228, 251, 262, 264, 380, 390, 472; *Viaje 1745*, 78, 79, 80, 81, 82, 83), *Finis terrae* (*Viaje 1754*, 34), *Finisterrae* (*Onomástico*, nº 407, 515, 681), *Finisterra* (*Viaje 1754*, 56, 139) e *Fizterro* (*Firterro* B) (*Col. voces*, 139); *Orense* (*Apuntamiento*, nº 224; *Discurso apologético*, nº 122, 123; *Catálogo*, 265, 267, 274, etc.; *Cat. voces*, pp. 71, 72, 73, etc.; *Epistolario*, 41, 46, 130, 219, 498; *Col. voces*, 339, 340; *Viaje 1745*, 49, 94, 163, 164, 165; *Viaje 1754*, 30, 60, 100, etc.; *Escritos geográficos*, 37, 57, 98; *Onomástico*, nº 442, 467, 557, 558, 559, 560, 670, 832) e *Ourense* (*Col. voces*, 139), *Ourense* ou *Orense* (*Apuntamiento*, nº 225); *Piedrahita* (*Cat. voces*, p. 284; *Onomástico*, nº 173), *Piedra Fita* (*Viaje 1745*, 117), *Piedrafita* (*Viaje 1745*, 128, 154) e *Pedrafita* ou *Pedra Fita* (*Viaje 1745*, 117, 118, 142, 143, 167), *Salvatierra* (*Viaje 1754*, 104, 105; *Catálogo*, 426, 443; *Cat. voces*, p. 103; *Escritos geográficos*, 64), *Salbatierra* (*Catálogo*, 443) e *Salvaterra* (*Viaje 1754*, 104); *Vivero* (*Escritos geográficos*, 36, 47, 61; *Catálogo*, 265, 269, 280, 305, etc.; *Cat. voces*, pp. 83, 297, 370, etc.; *Viaje 1754*, 139, 141; *Onomástico*, nº 358, 405) e *Viveiro* (*Onomástico*, nº 456); *La Iglesia / Yglesia* (*Viaje 1745*, 156; *Viaje 1754*, 52, 73, 84), *Yglesia* (*Viaje 1754*, 57, 58, 117, 125), *Dos Yglesias* (*Viaje 1754*, 96), *Rio da Yglesia* (*Viaje 1754*, 57), *Yglesia feita* (*Viaje 1754*, 73) e *Ygrexa* (*Viaje 1754*, 35), etc.

Noutros casos a alternancia entre a forma galega e a castelán é maior ou mesmo domina a galega, como *Armentera* (*Onomástico*, nº 195), *Armenteira* ou *Armenteyra*

actas_sarmiento_def_1_1 8/9/06 13:35 Página 26

